

Orde do día dos asuntos que se van a tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 3 de maio de 2002, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 3/02, do 5 de abril.
- 2.-Toma de coñecemento das Resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 3.800 deica á nº 5.599, do ano 2002.

Economía, Facenda e Especial de Contas

- 3.-Préstamo que se vai concertar por importe de 14.235.000,00 euros para o financiamento de diversos investimentos do orzamento provincial de 2002.
- 4.-Expediente de modificación de créditos nº 1/02, de aprobación polo Pleno da corporación e recoñecemento extraxudicial de créditos.

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

- 5.-Integración da deputación como patrón institucional na fundación privada Democracia e Goberno Local.
- 6.-Aprobación da modificación da base 7ª das reguladoras do PLAN XXI DE INFRAESTRUCTURAS LOCAIS DE TRANSPORTE E TRAVESÍAS MUNICIPAIS 2002 no senso de admitir expresamente o sistema de execución por administración.
- 7.-Aprobación da modificación da base 7ª das reguladoras do PLAN XXI DE REINVESTIMENTOS DE BAIXAS EN OBRAS MUNICIPAIS 2002 no senso de admitir expresamente o sistema de execución por administración.
- 8.-Aprobación do PLAN XXI DE REINVESTIMENTO DE BAIXAS EN OBRAS MUNICIPAIS 2002.
- 9.-Aprobación da delegación nos respectivos concellos da contratación e execución dos investimentos incluídos nas anualidades 1997-1998-1999 do Plan 2000 de infraestructuras do que a contratación correspondía inicialmente á deputación e que se encontren pendentes de contratar.
- 10.-Aprobación da modificación do proxecto da obra do Concello de Oleiros “Cemiterio en Dorneda, Pl.” incluída no Plan 2000 infraestructuras anualidades 1999 e 2000. Código 99.3400.1284.0.

11.-Aprobación das bases reguladoras do PLAN XXI DE REINVESTIMENTO DE BAIXAS DO POS EN OBRAS MUNICIPAIS 2002.

Vías e Obras

12.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña para realizar a obra “Variante de acceso ó Polígono Os Airios”.

Cultura, Deportes e Xuventude

13.-Apoio á solicitude de declaración da Torre de Hércules como patrimonio da humanidade.

14.-Apoio á solicitude de declaración dos Castelos de San Felipe e A Palma e o Arsenal de Ferrol como patrimonio da humanidade.

Cooperación e asistencia a municipios

15.-Aprobación dos proxectos reformados das obras “Cubrición pista polideportiva Os Regos”, e “Cubrición pista polideportiva en Nos” do Concello de Oleiros, incluído no POS 2001 cos códigos 01.2100.0264.0 e 01.2100.0265.0.

Medio Ambiente, Agricultura, Pesca e Benestar Social

16.-Terceira relación de investimentos do Plan de fomento do turismo de natureza.

17.-Cuarta relación de investimentos do Plan de fomento de turismo de natureza.

18.-Convenio con FIMO para promover o financiamento das obras de acondicionamento do recinto feiral de Ferrol.

19.-Proxecto reformado da obra “Rehabilitación do tellado da igrexa de Franza”, Mugarzos Plan 2000 de recuperación de arquitectura popular.

20.-Adhesión ó fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Persoal, réxime interior e informática provincial

21.-Expediente para a contratación da implantación do sistema de xestión de procedementos administrativos (S.X.P.A.) na Deputación da Coruña e a súa integración con todas as aplicacións.

22.-Convenio entre a Xunta de Galicia, as catro deputacións de Galicia e a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real casa da Moeda para a prestación de servicios de certificación da sinatura electrónica.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DE PUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 3 de MAIO DE 2002**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 3 DE MAIO DE 2002.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 3 de maio de 2002, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERIAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON ANGEL LÓPEZ SUEIRO	PSOE
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE
DON JOSÉ MOSQUERA MACEIRAS	PP
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE

DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 3/02, DO 5 DE ABRIL.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 3/02, do 5 de abril.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 3.800 DEICA Á Nº 5.599, DO ANO 2002.

O Pleno toma coñecemento das Resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 3.800 deica á nº 5.599.

3.-PRÉSTAMO QUE SE VAI CONCERTAR POR IMPORTE DE 14.235.000,00 EUROS PARA O FINANCIAMENTO DE DIVERSOS INVESTIMENTOS DO ORZAMENTO PROVINCIAL DE 2002.

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Simplemente é para volver á posición que xa adiantamos o outro día na comisión. Nada temos que obxectar respecto á proposta de valoración que fixo a comisión correspondente no tocante ás mellores condicións para solicitar ese préstamo, pero a nosa non coincidencia, a nosa discrepancia vén, fundamentalmente, do fin para o que se vai dedicar este préstamo que é, precisamente, para un proxecto, ou para un plan, que nosoutros xa discrepamos con el no momento en que se aprobou aquí, e non vou entrar agora nas razóns que motivaron esa discrepancia. Nese senso, imos manter esa posición de abstención, no senso en que ten máis que ver co fondo do tema, coa dedicación que se vai facer desta partida económica, que coa propia formulación da proposta que se trae desa comisión, que nos parece que non tería ningún problema. Entón, a posición do BNG vai ser de abstención neste punto.

Sr. Lagares Pérez

O posicionamento do grupo provincial socialista vai ser o mesmo que xa amosamos, é dicir, o voto vai ser favorable, vai ser favorable a un crédito que aparece reflectido nos orzamentos preventivos, onde o noso voto, como ben é sabido, foi negativo, pero dado que este crédito vai dirixido ó financiamento do Plan XXI de infraestructuras locais e de transporte, no que o grupo provincial socialista estivo de acordo, ese é o motivo desta valoración favorable. O mesmo vemos que a valoración que fai a mesa no seu informe, coa oferta adecuada, tamén nos parece a máis atinada e a máis correcta. Polo tanto, o voto é positivo.

Sr. Erias Rey

En todo caso para agradecer, tanto ó BNG como ó Partido Socialista, que estimen de maneira adecuada a conveniencia deste préstamo nas condicións que por outra parte, as entidades financeiras nos facilitan, neste caso Caixa Galicia e, por outro lado, direi que, desde o grupo de goberno críamos moi conveniente realizar este compromiso con tódolos concellos para que puidera actuar nas súas vías locais, nas súas travesías e desenvolver, desde a súa autonomía municipal, todas aquelas obras que serviran para mellorar a mobilidade e a conectabilidade dos distintos núcleos nos concellos da provincia e, polo tanto, actuamos deste modo, financiando case o 90%, acudindo a este préstamo. En todo caso, agradecerlles e reiterarlles que o compromiso deste grupo de goberno é apoiar todas as iniciativas que desde os concellos se formulan e, desde logo, actuar nas vías locais cremos que era unha necesidade que todos teñen duns recursos que, polo tanto, a deputación neste caso está pondo á súa disposición. Máis nada. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“a) Vistas as ofertas presentadas e a proposta formulada pola Comisión Técnica prevista na cláusula 13ª do prego de condicións para concertar un préstamo por importe de 14.235.000,00 € para o financiamento do Plan XXI de infraestructuras locais de transporte, adjudícase o contrato a CAIXA GALICIA.

b) Aprobar o proxecto de contrato remitido por CAIXA GALICIA, por importe de 14.235.000,00 € coas seguintes características:

Importe do crédito:	14.235.000, 00 €
Período de carencia:	3 anos
Período de amortización:	12 anos a contar desde a consolidación
Interese nominal anual:	EURIBOR, sen marxe ou diferencial, sen
redondeo. Tope máximo	
5,75%.	
Periodicidade da amortización:	Trimestral.
Número de prazos:	48
Comisión de apertura:	0,00
Comisión por amortización anticipada:	0,00

c) Facultar ó Sr. Presidente para que realice as actuacións conducentes á conclusión do proxecto de préstamo que se aproba por este acordo, así como a sinatura do conseguente contrato.”

4.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 1/02, DE APROBACIÓN POLO PLENO DA CORPORACIÓN E RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Comentaba o outro día o Sr. presidente da comisión, o Sr. Erias, cando entrabamos para o debate deste punto, que se poñía á nosa disposición para aclararnos todo o que non entenderamos do expediente, para precisar aspectos que, ó mellor, non puideran quedar definidos na documentación que tiñamos á nosa disposición, eu nese tono agradecíalle a súa disposición; pero tamén lle dixen paralelamente que case o entendiamos todo e a verdade é que facendo un repaso reiterado ás diferentes partidas que se propón modificar, parécenos que a idea fundamental deste expediente, e o que se transmite e o que nosoutros entendemos é que este primeiro expediente de modificación de créditos que vén ó Pleno parece que máis que necesidades que se puideran entender como globais, como institucionais ou específicas da institución da Deputación da Coruña parece que se atenden necesidades moito máis propias e moito máis concretas do grupo de goberno.

Nosoutros xa dixemos en moitas ocasións que o recurso ó expediente de modificación de créditos é un recurso normal, ó noso xuízo, por tanto que non imos criticar que veña un expediente de modificación de créditos, pero hai que ter en conta que levamos practicamente catro meses deste exercicio orzamentario, estamos no mes de maio e, polo tanto, xa se somete a aprobación un expediente que, ó noso xuízo, ten unha importancia, non soamente cuantitativa, no tocante ó contido económico que aquí se propón modificar, senón fundamentalmente no tocante ás perspectivas e ás prioridades que, como antes, entendemos nosoutros, naturalmente é a posición do BNG, que parece que son máis do propio grupo de goberno que da institución como tal.

Nosoutros queriamos facer mención a aqueles temas, poderiamos facer moitos máis, pero en todo caso precisar a nosa intervención, naqueles temas que nos parece que subliñan ata que punto, pasados catro meses desde a aprobación dos orzamentos, hai que facer modificacións en cousas que, aparentemente, se fixera un proxecto de orzamentos con tempo e cunha idea, cun obxectivo político claro, non se daría esta modificación a tan pouco tempo. Por exemplo, e empezando xa polo contido do expediente de modificación de créditos, nesa partida para reclasificación de postos de traballo do persoal funcionario e laboral nesta deputación, cando aínda no día de hoxe está por dar, e non será porque desde o noso grupo non se demandou e non se formularon ademais ideas neste senso dun debate a fondo sobre o que tería que ser, ó noso xuízo, unha reclasificación en condicións e un estudio a fondo do que é a política de persoal da Deputación da Coruña, como sempre seguimos collendo as partes, en lugar de coller o todo, e con seguridade, eu ademais asevero, que non será a primeira vez neste ano que veña un tema similar a debate nun expediente de modificación de créditos.

Inclúense, por outra parte, nesa política de colaboración, que se denomina de colaboración coa Xunta de Galicia, neste caso concreto, segundo parece, coa Consellería de Familia, inclúense actuacións que parten dunha premisa que nosoutros criticamos xa moito, porque non soamente parte da asunción de competencias que está definido que ten que

asumir a consellería, neste caso a Xunta de Galicia no seu conxunto, pero poderíamos falar explicitamente da Consellería de Familia, senón que ademais deixa ó descuberto que estamos actuando única e exclusivamente como entidade financiadora e, aínda encima, non exercendo o necesario control e o necesario balance daquelas partidas, ou aqueles proxectos para os cales estamos facendo achegas económicas. Aquí xa se discutiu bastantes veces o tema dos plans que estamos cofinanciando coa Xunta de Galicia que, verdadeiramente, cústanos bastante caro que nos chegue ó conxunto das deputadas e deputados información concreta dos balances, ou das memorias, do que significan esas actuacións cada exercicio económico.

Un dos temas estrela, non tanto polo contido, senón pola forma en que se presenta nesa achega económica que se inclúe aquí, no capítulo de transferencias de créditos, para a supresión da peaxe na Barcala e A Coruña. Aquí non sei se existe esa famosa frase de “o sur tamén existe”, aquí habería que dicir que o norte tamén existe, porque parece que o norte vai un pouco máis retrasado có sur, dígoo porque, cando xa se levan escritos regueiros de tinta respecto da supresión da peaxe na ponte de Rande, con movementos importantes no ámbito social e no ámbito económico, aquí imos bastante retrasados, pero é que ademais o curioso de todo é que se presenta este tema aquí, preséntase a metade do tema máis nada. Nosoutros esperabamos, e ademais cando vimos o expediente de modificación, pensamos que tamén iría unha decisión política, un debate político que habería que dar a fondo nesta institución; respecto de como se concreta este investimento económico, pero, para nosa sorpresa, o único que se vai facer hoxe aquí é a habilitación dun crédito de 210.354, 24 euros, para facer ese convenio coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, para o que se denomina aquí, supresión da peaxe no treito da autopista da Barcala. Nosoutros lamentamos, lamentamos naturalmente desde a discrepancia que xa se sabe que temos, porque cando se lle debateu aquí o protocolo, a posición do BNG foi máis que clara, pero parécenos que o que non se pode pasar é un proceso dun ano e pico cun silencio, cunha especie de interrogante de qué é o que vai pasar con iso, e que o que se faga é traer a Pleno a partida económica cando aínda non se tomou a decisión política formal de subscribir o convenio. Entón nosoutros animamos a que, canto antes, naturalmente, se lle dea ese debate, porque, sobre todo co que choveu, e co que pasou noutro caso no cal nos podemos reflectir nese espello, que é o que está ocorrendo coa parte de Rande, naturalmente parécenos que imos ter un debate, en todo caso, importantísimo. Pero indicarei, desde esa discrepancia con que figura esa partida, que nos parece que se debía ter a valentía política de incluír tamén na orde do día a decisión respecto dun proxecto de convenio que supoñemos, que co tempo que pasou, xa se poderían ter aquí douscentos e pico de convenios diferentes, e algún deles valeríanos.

Inclúese tamén, como non, a subvención, por un lado, ou por outro lado o convenio con algúns concellos e entidades da provincia, demostrando que tamén a propia deputación discrepa cos seus propios mecanismos de axuda que ten ós concellos e ás entidades. Se á

Deputación da Coruña lle valera o seu sistema que ten de subvención, que está regulado, co que nosoutros non coincidimos, por certo, pero que está regulados que sae publicado no Boletín Oficial da Provincia, que establece prazos e axudas a determinadas entidades ou concellos da provincia, non parecía moi lóxico que, cando estamos a principios do mes de maio, viñese aquí unha batería de propostas que o que pretende é, en realidade, un sistema paralelo de financiamento para determinadas necesidades que nosoutros non dubidamos de que algunhas delas poidan ser reais, e que poidan ser urxentes, pero seguramente, e como sempre que falamos disto, porque están estas e por qué non están outras, por qué se establecen convenios con algúns concellos e entidades e non con outras, porque figuran determinadas achegas para concellos ou entidades, á marxe da convocatoria de subvencións, e por qué non figuran outros. En todo caso, efectivamente, é unha chamada de atención para que, se a deputación pode precisar moitísimo máis ese mecanismo e a ver cando se chega, non á perfección, pero a un sistema que sexa minimamente transparente e, desde logo, igualitario para todo o mundo.

E naturalmente, facer unha referencia neste aspecto á sangría permanente que se produce coa fundación Camilo José Cela. Agora, desgraciadamente, hai que facer actos de homenaxe, e entón xa temos outra vía máis para facer. É lamentable que se siga nesa mesma liña, cando ademais, parece que se está empezando a percibir certas cousas raras, ou certos datos que non estaban aclarados, respecto do funcionamento da fundación e dos seus obxectivos, pero en todo caso nosoutros facemos unha chamada de atención á sangría permanente que se está producindo, neste caso concreto, na Fundación Camilo José Cela.

Figuran tamén bastantes partidas, como non podía ser doutra maneira, para dous proxectos que se presentaron aquí como sintonizados coas demandas da poboación e da sociedade e que, naturalmente, nosoutros pensamos que a efectividade e o tempo xa está empezando a darlle a razón ó BNG nalgunhas das cousas que estabamos dicindo. Estoume referindo, naturalmente, ás incorporacións de partidas que se fan para o que se denomina portelo único, por certo hai que dicir que hoxe os nosos concellos teñen moitísimos fornelos únicos, parece iso unha cristaleira, estamos cheos de fornelos únicos, que son moitos fornelos, pero non son únicos, hai fornelo único, fornelo único da deputación, é increíble como o cidadán, con tantas cousas que se lle poñen ó seu servizo, conséguese que ó final non saiba que é o que ten que facer, e o resultado de tantos fornelos únicos é que hoxe a xente parece que mesmo non sabe onde ten que ir a presentar os documentos.

E outro tanto, pero cunha referencia que queríamos facer como grupo político, sería respecto das denominadas aulas de informática. Eu animaría ó grupo de goberno, a través dos mecanismos que teña ó seu alcance, que deberan de ser todos, porque así está explicitado na convocatoria que se fixo, a que faga un balance, unha revisión, de como están funcionando as aulas de informática, porque a miña información é que nalgúns sitios teñen pouco de aulas, noutros sitios teñen pouco de informática e na maioría, case na totalidade,

teñen pouco de aulas de informática. Entón, eu sei de concellos que teñen grandes almacéns de ordenadores, sei de concellos que habilitaron espazos que non son, quero dicir, que non cumpren as bases, a ver se nos aclaramos, que non puxeron a disposición da deputación o que tiñan que por, e entón, claro, está moi ben acercar a informática á cidadanía se é que ese obxectivo se consegue, pero eu faría, e ademais faríao como unha petición específica á Presidencia, de que a través dos servicios correspondentes se faga unha política de seguimento e fiscalización de que é o que se está facendo realmente porque a min cónstame que mesmo algúns concellos están utilizando os ordenadores para servicio propio das oficinas municipais, e non creo que ese fora o fin das aulas de informática, desde logo, eu da lectura da convocatoria entendín outra cousa.

Dásenos a razón dunha maneira indirecta naquilo que dixemos cando foi a aprobación dos orzamentos de que a partida para vías provinciais, para rede de estradas provinciais e a partida para expropiacións eran partidas pequenas; fixemos un pequeno avance, fíxose unha incorporación, subiuse esta partida, pero aínda así é evidente que os quilómetros de vías provinciais que temos e o estado actual requiría insuflar cantidades que, verdadeiramente, agora como se pode ver no propio expediente de modificación de créditos, parece que xa figuran aí, o cal, como xa digo, efectivamente, é asumir que a partida coa que contabamos era exigua ou, en todo caso, moi pequena.

Reitero o tema do seguimento desas políticas de convenio coa Administración autonómica nun tema concreto, porque vemos que aquí figura unha nova achega para unha incorporación de maiores partidas económicas para o convenio Xunta-deputación para deportes, e entón, neste senso, partindo de reflexións que se fixeron incluso nos informes técnicos respecto de obras que están en convenios que dicían que a deputación, ás veces, non é capaz de saber cal é o estado das obras, mesmo cáles son os criterios, facemos este novo chamamento para que se revise o contido dos convenios e que nos permita ter a comezos do ano seguinte unha lectura crítica e unha lectura específica de en qué consisten eses convenios.

Resulta chamativo desde o noso punto de vista a incorporación dunha partida para aqueles concellos, e figura ademais así explicitado, porque vou ler, supleméntase un crédito de 534.900 euros para levar a cabo o Plan adicional do 2000 de arquitectura popular, co obxecto de permitir que aqueles concellos promotores de obras ou servicios incluídos no Plan 2000 que resultaran inviables por non autorizarse a execución da Consellería de Cultura poidan incluír outras obras alternativas a aqueles. Isto introdúcenos no permanente debate de si, ó final, as bases as facemos para cumprilas ou non, posiblemente haxa quen poida interpretar aquí que nosoutros o que queremos é que se castigue ós concellos que incumpriron as bases, nosoutros o que estamos dicindo é todo o contrario, estamos dicindo que se fagan as bases en condicións para evitar que nos pase que ó final teñamos que acabar os plans cargándonos nosoutros as bases, porque se hai determinados concellos que por

cumprir as bases tiveron que pasar por determinados procesos como o cumprimento de prescricións no ámbito da Consellería de Cultura, Patrimonio, etc., etc., e en función diso tiveron que meter unhas obras e outras non, e nosoutros agora aquí o que facemos é que ós que meteron as obras que estaban mal dámoslles un novo prazo e metémoslles outras obras, isto é o conto de nunca acabar, eu creo que imos pasar da época dos reformados, que non acababamos cos reformados, imos pasar a esta segunda fase que é mirar como resolvemos o non solventable, porque ou non hai un procedemento ou hai unha mecánica que vale para todo o mundo, é dicir, ou xogamos todos, ou se non, non pode ser. Entón eu alerto, aquí paréceme que se está recorrendo con demasiada insistencia a ver como se solventan cousas que ó final é o resultado de quen cumpre as bases e quen non as cumpre, entón, quen as cumpre terá que entrar polo aro, e quen non as cumpre quedará fóra. Eu, de verdade, que non coñezo outro sistema desde o punto de vista procedemental que non sexa este, pero aínda así, digo que perfeccionemos as bases para despois non ter que estar, estamos falando, ademais, e quero reiteralo, estamos falando do Plan de arquitectura popular do ano 98, é dicir, de hai catro anos, entón resolver as cousas a catro anos cepillándonos as bases, a verdade é que non ten moitísimo sentido.

Finalmente quería manifestar a nosa sorpresa tamén, á parte doutras partidas, con algunhas que figuran aquí, vexo que hai... -fun mirar ademais ó expediente para ver se atopaba máis documentación, pero a miña sorpresa é que figura unha partida que son 72.125 euros para incrementar o que se denomina programa de subvencións dirixidas a entidades societarias agrarias. Ben, pois esperaba eu que, efectivamente, houbera unha xustificación maior, que é do que se trataba realmente, pero vexo que no expediente o único que hai é un documento que acredita que por orde do Sr. vicepresidente segundo se fai un suplemento de crédito desa cantidade, e realmente non sabemos a que fin vai ser dirixido, supoñemos que, naturalmente non queremos pensar que isto teña nada que ver coa proximidade das eleccións a cámaras agrarias, non sei se será para colaborar para que as eleccións se celebren ben, ou coas entidades agrarias, non o sei, pero en todo caso, é bastante confuso porque, que eu saiba, non será o noso obxectivo agora tamen comezar a coller moitas competencias en agricultura. Eu desexaría que non fose así polo ben da agricultura do noso país, xa ten bastantes problemas para que, aínda por riba, queiramos ter competencia desde a Deputación da Coruña tamén a nivel de agricultura.

E, polo tanto, en fin, a nosa sorpresa porque cousas que figuran aí, ó igual que outras pódese discrepar delas, pero están xustificadas porque son peticións, neste caso concreto temos que manifestar a nosa sorpresa, e remato dicindo que, efectivamente, o propio contido do expediente e a propia memoria da Presidencia, eu penso que deixa entrever claramente que unha cousa é o que se explicita, unha cousa son as partidas, e despois outra cousa é, digamos, como se queren presentar. Todo o que eu acabo de subliñar e cousas que me quedaron no tinteiro, distan moito de coincidir co parágrafo final da memoria da Presidencia que di: “Tódolos créditos que se suplementan ou habilitan responden a gastos inaprazables”,

-non-, “urxentes”, -algún deles tampouco-, “de carácter específico concreto e que deben levarse a cabo na maior brevidade posible para o idóneo funcionamento dos servicios públicos”, iso tampouco é certo.

Entón, nese sentido, a posición do Bloque Nacionalista Galego vai ser unha posición de voto contrario a este expediente que se nos presenta hoxe aquí. Moitas gracias.

Sr. Lagares Pérez

Imos debater hoxe aquí o expediente de modificación de créditos número 1, correspondente ó exercicio 2002, por un importe algo superior a 35 millóns de euros.

A análise que fai o grupo provincial socialista nun inicio vai ser unha análise crítica, unha análise crítica ó financiamento, un financiamento que procede, case na súa totalidade, do remanente de Tesourería correspondente ó exercicio 2001, o que nos vén dicir que a xestión do orzamento no exercicio 2001 non a consideramos axeitada. De tódolos xeitos, o posicionamento en profundidade da xestión do expediente debatirémolo no seu momento, é dicir, cando se dea o debate neste Pleno da Conta Xeral. Pero si temos que dicir que se continúan parcheando temas que o grupo popular vén arrastrando sistematicamente desde anos anteriores, e non só ocorre esta xestión non adecuada do orzamento 2001, senón que tamén vemos no grupo popular unha acción retardada en distintas actuacións, e refírome a tres concretas.

Cando se debaten os orzamentos correspondentes ó ano 2002 o grupo provincial socialista presenta unha moción alternativa a estes orzamentos, e nesa moción, no debate deste, falabamos de tres aspectos importantes que non os considerabamos recollidos na súa totalidade, e nin agora se recollerán, evidentemente, como son o mantemento e conservación de estradas, que considerabamos insuficiente, e que aproveitamos nesta ocasión deste debate para dicir que é importante que se executen as obras canto antes, porque estamos moi preto do verán e están, entendemos, as obras sen adxudicar e sen executar.

Tamén acción retardada nas vías provinciais, é dicir, as vías provinciais tiñan un importe que nós nese momento consideramos insuficiente e así o presentabamos nunha parte da nosa emenda, e o terceiro aspecto era o aspecto das expropiacións, pero si valoramos favorablemente que se inclúan neste primeiro expediente de modificación de créditos. Vaia por diante, polo tanto, esa crítica, sempre constructiva, que fai o noso grupo ó financiamento deste expediente de modificación de créditos. Con respecto ós aumentos onde van dirixidas as economías, digamos que son, tamén, fundamentalmente, todos suplementos de créditos que van dar orixe a novas intervencións da deputación, ben internamente con investimentos, ou ben externamente con transferencias de capital ós distintos concellos da provincia, ou a entidades e asociacións que existen nela. E claro, hai cousas que chaman a atención

favorablemente, ¡como non! Chámalle favorablemente a atención a este grupo provincial que o 86% de todo o expediente van dirixidos ós capítulos VI e VII, queremos dicir con isto que, indubidablemente, os criterios que se marcan neste aspecto son favorables baixo o noso prisma, é dicir, de cada 100 pesetas, 86 ou van a investimentos directos ou investimentos indirectos, o que temos que valorar de maneira favorable.

E xa pasaremos a estudar un pouco máis detalladamente o que significa en si cada capítulo, para logo rematar cunha reflexión final global.

No capítulo I de persoal, este expediente contempla unha cantidade para reclasificación de postos de traballo, tanto de persoal funcionario, como de persoal laboral. A política de persoal, o noso grupo sempre emite o seu voto de abstención, porque considera que é un dinamismo propio do equipo de goberno, valoramos favorablemente que se siga traballando e incidindo coa nova xunta de persoal, recentemente electa, negociando os distintos aspectos que consideramos importante para a boa relación entre a entidade e os traballadores e funcionarios que forman parte dela.

Dentro das operacións correntes, no capítulo II, xa destacamos antes a partida de estradas provinciais, que son 710.000 euros, que xa dixemos no seu momento que consideramos non suficiente, e seguimos dicindo que nos parece non suficiente, pero que si se están aprobando unhas novas economías, porque a rede de estradas provinciais é unha rede ampla, e necesita con urxencia e celeridade, non o firme, que posiblemente o teñamos ben, pero a limpeza das foxas, a reparación das fochas e a sinalización horizontal e vertical, consideramos que non está á altura que debería. No mesmo capítulo II valoramos favorablemente aspectos como son novas actuacións de tipo musical e teatrais que se van desenvolver ó longo da provincia, nos distintos concellos, e que tódolos concellos da provincia, de acordo co prisma obxectivo que vén marcando este equipo de goberno, entendemos que o siga facendo así. E tamén como non o patrocinio e a difusión da cultura galega a través doutros 100.000 euros para a Biblioteca 120, que consideramos unha achega importantísima á cultura galega.

Vemos, indubidablemente, Sr. presidente, Sr. portavoz económico, que o gasto corrente non se dispara, falaba antes do 86% neste expediente para investimentos e transferencias de capital, temos que dicir que o gasto corrente, capítulo II, non chega ó 90% do importe total deste, o cal consideramos tamén desde un punto de vista favorable.

Xa nas transferencias correntes, é dicir, no capítulo IV deste expediente, vemos algunhas partidas que nos chaman a atención favorable, así como vemos outras, pero de menor contía, como aquí se fixo referencia ás das ventás únicas, que cremos que os concellos indubidablemente, xa as temos practicamente resoltas, pero si existen outras partidas, como poden ser o estudio a través da Fundación Luis Tilve dos aspectos

económicos e do desenvolvemento das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal; o Plan director de conservación de San Martiño Pinario, cun importe non moi elevado pero si que consideramos que é importante de cara á recuperación patrimonial do excelente patrimonio co que conta a Comunidade Autónoma de Galicia; o proxecto Voz Natura 2002, un fenómeno importante onde a Fundación Fernández Latorre, e neste caso coa colaboración da deputación, e doutros concellos da provincia, están desenvolvendo e motivando ós escolares para a conservación dos distintos espazos naturais. E, indubidablemente, favorable tamén á achega ás aulas municipais de informática. O coñecemento que ten o grupo socialista, e este voceiro, fan unha valoración, entendemos que favorable, descoñecemos que se están, como dicía o voceiro que me antecedeu no uso da palabra, descoñecemos ese amoreamento de aparellos, si pedimos que se efectivamente ocorre isto, que se vixie e que se controle de forma axeitada.

E xa, por último, os dous capítulos importantes que son o VI e o VII de investimentos directos ou de transferencias de capital, o 20-21%, é dicir, aquí está, digamos, o miolo, a parte central deste expediente de modificación de créditos, con obras importantes como a urbanización do Campus de Ferrol, cun valor de algo máis de 500.000 euros; o tema de expropiacións ó que xa fixemos mención e que consideramos que no seu momento se fixeron ensaios, cremos que indebidos, tamén por parte do Partido Popular que sustiña o equipo de goberno, e que non deron o resultado apetecible. Parécenos que as expropiacións hai que acometalas, hai que facelas de maneira rigorosa e hai que presupostar as cantidades, as economías necesarias para elas.

No Plan de estradas provinciais, que é a contía maior, de algo máis de nove millóns de euros, insistimos na demanda que facía no seu momento o grupo provincial socialista no debate dos orzamentos. Consideramos que as vías provinciais, á parte de telas ben mantidas e conservadas, hai que ter previstos investimentos para travesías, investimentos para novos firmes ou para anchar, que en combinación coas expropiacións, e co mantemento e conservación, forman a clave da rede viaria provincial. Polo tanto, estes tres aspectos, expropiación, obra e mantemento e conservación, son algo no que debe de xirar os aspectos desta economía nos investimentos propios, e que observamos favorablemente neste expediente de modificación de créditos. Tamén nos chama a atención partidas como a do edificio administrativo e centro de artes, pensamos, e volvemos incidir sobre o tema, a necesidade de regularizar os centros administrativos desta deputación, sobre todo en materias importantes que máis inciden directamente de cara ós concellos e que, recentemente, aprobamos aquí nun pleno. Parécenos importante este edificio, pero que despois o contido, non o continente, senón o contido, que sexa o adecuado para que a engranaxe e máquina funcional desta deputación estea sempre en bo aspecto.

Valoramos favorablemente outros aspectos, como a recuperación do dolmen de Axeitos, volvemos ó patrimonio o importante que ten esta provincia, como integrante da

Comunidade Autónoma Galega e xa, por último referireime ós aspectos de transferencias de capital. Nas transferencias de capital eu destacaría a transferencia de algo máis de 700.000 euros que vai destinada a impulsar o Campus da Coruña, a través da Facultade de Ciencias da Saúde. Consideramos importante que o novo Campus da Coruña, agora xa non tan novo, digamos, que siga contando cos beneplácitos e cos apoios económicos desta Corporación provincial, o mesmo que o de Ferrol e tamén que a matriz de Santiago.

E aquí atopámonos con algunhas partidas con algo de retraso, algunhas partidas ás que tamén se fixo mención como o Plan adicional de arquitectura popular, o Plan de infraestructuras 2000, o Plan de baixas, etc., pero que marcan unha pauta que é necesario corrixir e que é necesario levar a efecto. Quero dicir no nome do meu grupo, e como deputado polo partido xudicial de Betanzos, a felicitación por incluír a segunda fase do polideportivo Vales-Villamarín por un importe de 318.947 euros; penso que é unha felicitación importante para todo o contorno de Betanzos, onde acuden escolares de distintos concellos, fundamentalmente de Coirós, Paderne e de Betanzos, e que estabamos desexando, tanto os escolares como os políticos da zona, que isto se levase a efectos e chegase a bo porto.

E xa rematando, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, non nos podemos esquecer doutra recuperación importante que se fai na igrexa parroquial de San Pedro de Vilar no concello de Pontedeume, ou como non, da ampliación e mellora da residencia de anciáns Dolores Díaz de Dávila, no Concello de Ortigueira, por un importe de 108.300 euros.

O grupo provincial socialista vai emitir un voto favorable neste expediente de modificación de créditos, pero que non se interprete este voto favorable como un cheque en branco á política provincial do grupo popular, que non se interprete dar un visto e prace a algo que no seu momento fixemos crítica e en profundidade, e presentamos as nosas alternativas que foron rexeitadas polo grupo de goberno que ten a maioría e que agora repetimos, e que se nos recollen algunhas delas, como digo, con efecto retardado. Sigamos mirando, Sr. presidente, de cara ós concellos, sigamos sendo obxectivos e respectar a autonomía municipal, sigamos no bo camiño, que penso que marcou este equipo de goberno en moitos aspectos. Cando sexa así, o grupo socialista estará apoiando as súas propostas, cando non, e coma sempre, faremos a nosa crítica e as nosas achegas, que consideramos importantes.

Remato dicindo que hai pequenas partidas que non nos gustan, pero que no importe, e tendo en conta a importancia dos capítulos VI e VII, onde van dirixidos a investimentos propios, ou a transferencias de capital a concellos e a outras institucións, dinnos que o noso voto neste aspecto debe ser afirmativo. Moitas grazas.

Sr. Erias Rey

Este expediente de modificación de créditos, que é o primeiro de 2002, ten como finalidade, e tal e como recolle o que é un expediente de modificación de crédito, proporcionar a adecuación do orzamento ordinario á execución, á materialización tamén dos recursos de que dispón unha institución provincial.

Nós, como grupo de goberno, estivemos defendendo, e Sr. Lagares, agradezo os comentarios realizados, pero tamén teño que dicirlle que desde o grupo de goberno tomamos boa nota do que vostedes nos apuntan, e cando coincidimos tamén o recolleemos, non temos ningunha dificultade en recoller as propostas da oposición, e en intentar entre todos desenvolver esta provincia en tódolos aspectos que son evidentemente, os que mais preocupan ós cidadáns, eses son os que estamos recollendo desde o grupo de goberno e que por iso, tamén moitas veces incluso na discrepancia, pero si tomando boa nota do que opinan os demais, levamos a cabo unha orzamentación que pode non coincidir co que vostedes nos presentan en cada momento, pero o que si é certo é que ten moito que ver con como nós, desde esta lexislatura, vimos desenvolvendo a política orzamentaria, porque non orzamentamos máis do que podemos executar, e hoxe traemos aquí este primeiro expediente modificativo de crédito, coherente con esta filosofía.

Nós cando foi o debate do orzamento xa lles dixemos e lles anunciamos un plan plurianual de estradas, tanto da que xa estaba incorporado ó orzamento, como de todas aquelas oportunidades que nos permitise a incorporación de remanentes, de tal maneira que priorizaríamos esas grandes actuacións en infraestruturas e en apoio ó que é este plan desde as arcas da propia deputación, e hoxe traemos aquí un expediente que, como moi ben vostede dixo, prioriza nos investimentos, é dicir, 86 pesetas de cada 100 destínanse a investimentos, e o resto, incluso non poderían ser considerados gastos correntes *stricto sensum*, porque sabe que hai unha parte moi importante, que son 4.900.000 euros, para conservación e reparación de estradas, que realmente, recorrentes son, gastos corrente pode considerarse, pero tamén é certo que terían unha certa natureza de gastos de investimento, sobre todo no que supón a mellora do que son as nosas infraestruturas.

Dicíalle que traemos neste expediente 14 créditos extraordinarios e 48 suplementos de créditos, con esta distribución entre investimento e gasto corrente, 86 pesetas de cada 100 van a investimento, e o resto poderíamos consideralo ese tipo de gasto que xa dixeran.

¿Por que suplementamos 48 partidas? ¿porque orzamentamos mal?, pois non, suplementamos 48 partidas porque, e non porque sexan unhas necesidades sobrevidas, etc., etc., senón porque pensabamos que, ó contemplar a posibilidade de dispoñer deste

remanente, toda orzamentación que fixeramos previa no orzamento estaríamos engordando de maneira artificial o que leva un período de maduración na súa execución, nalgúns casos, polo tanto xa vai estar comprometido e cando o incorporemos, sen ningunha dúbida, haberá que continuar co ciclo de toda a súa execución, e noutros casos, ó ter para libre disposición, priorizando en tódalas accións que xa enumeramos como máis importantes cando falamos do debate orzamentario.

E dito isto, fíxense que soamente o 6,43% de todo o expediente, que son 35.103.410 euros, soamente o 6,43%, corresponde a créditos extraordinarios, o resto é suplemento de crédito, é dicir, son partidas que xa existían no orzamento, que as estamos suplementando, porque queremos priorizar a acción política en tódalas liñas nas que estamos proporcionando maior capacidade e disponibilidad financeira para que tamén se acade maior potencia. É verdade, é verdade, Sr. Lagares, que nos gustaría poñerlle ó Plan de estradas máis dos 1.500 millóns de pesetas, máis dos 9.015.000 euros, é verdade, pero é verdade que tamén falamos dun plan plurianual, porque as estradas necesitan ter proxectos, necesitan dispoñer das expropiacións, necesitamos, unha vez que temos proxectos e expropiacións, poñerlle o financiamento, e isto non se pode facer de hoxe para mañá, por iso falamos de 4.500 millóns de pesetas a 3 anos, e cumprimos co compromiso adquirido no Pleno de orzamentos, que era que, aínda que a partida para o Plan de estradas era certamente prudente, tan pronto dispuxesemos desta oportunidade que é a incorporación de remanentes, suplementariámola para manter o noso compromiso de desenvolver o mellor posible estas vías provinciais.

¿Como se financia?, pois mire, baixas orzamentarias, baixas en partidas orzamentarias, soamente 61.000 euros; remanentes de crédito en distintas fases contables, 10.800.000 euros; e o resto, 24.200.000 euros, con cargo ó remanente de Tesourería para novos gastos.

Isto fai que teñamos que explicar algo, o Sr. Rodríguez Doval non cronometrei o tempo que interveu, pero foi un tempo dentro da súa característica, prudente, pero ó mesmo tempo extenso e moi minucioso na análise de todos e cada un dos conceptos, que vexo que entendeu perfectamente, que non necesita moita máis aclaración, pero que sen embargo temos importante discrepancia na comprensión que vostede ten, porque ben, di que non hai necesidades globais que se atenden, senón que son necesidades de goberno, home, se os proxectos das estradas que levan 9 millóns de euros, se as expropiacións, que levan 1.800.000 euros para atender, unha vez que dispoñemos deses proxectos, e unha vez que queremos executar esas obras, é do grupo de goberno, non sei a quen llo poderá dicir vostede. Ou se cando falamos do convenio a subscribir coa Xunta para o desenvolvemento de infraestruturas deportivas, falamos de 2.254.000 euros, se isto non é un proxecto global e para todos, pois tamén, claro; logo resulta que ás veces, ás veces, esquecémonos que cando se reclaman que determinados concellos se lles poida tal, tal, necesitan de

financiamento, eu non sei como se poden facer determinadas obras se a este convenio, nas obras que están incluídas, non lle poñemos o financiamento, e lle puxemos, exactamente, o financiamento correspondente a esta primeira anualidade, segundo o convenio desenvolvido con anterioridade, que é máis, se é necesario suplementar, tamén o faremos, pero prudentemente, agora que xa a Xunta de Galicia dispón dos orzamentos para este ano aprobados, e que podemos asinar o convenio, tamén a deputación pode cumprir coas súas obrigas.

O mesmo teño que dicir do Plan XXI de baixas do POS 2000 e 2001; fíxese, aquí había uns compromisos de que as baixas se reinvestían por parte dos concellos, e resulta que non dispoñendo do financiamento adecuado, tamén estamos dispostos a cumprir con tódolos concellos que ademais, no seu momento, tamén vostedes e desde seu grupo nos reclamaron que incluso dicían que os concellos ían perder, os concellos non van perder nin un só céntimo e este grupo de goberno, con este suplemento de 1.357.000 euros, garante que tódalas obras que os concellos atribuían que podían desenvolver coas baixas que tiveran no POS 2000-2001, as poden levar a cabo. E o mesmo para o Plan de infraestructuras 2000, que suplementamos con 1.350.000 euros. E ¿por que non dicilo?, ás veces estas cousas tamén temos que traelas aquí porque por razóns alleas á deputación non se puideron executar tódalas accións que estaban orzamentadas. E, ¿podemos facer autocrítica?, claro que podemos facer autocrítica, temos que mellorar moito en canto á execución orzamentaria. Estamos facendo un esforzo, e sobre todo, queremos comprometer ós que van gozar destas obras en que nos apoien, que son os propios concellos, e os propios concellos, na medida en que podemos, pasamos todos ó capítulo VII, transferimos o que son os recursos para que despois eles poidan executar as obras, poidan controlalas e nós apoialas en canto ó que sería esa definición de carácter xeral.

Mire, porque tamén me extraña a min cando di que, estábamos falando neste caso, teño aquí apuntado, dá Dirección Xeral de Patrimonio, cando dicía que algunhas obras, agora estabámoslle dicindo ós concellos que podían cambiala. Pois hai que dicirlles ós concellos que poden cambiala, e aí discrepamos, porque mire, cando se fai o plan, faise cunhas bases, todos presupoñen que poden actuar sobre o noso patrimonio dunha determinada maneira e logo quen ten a responsabilidade máxima dinos: “miren vostedes, desta maneira non se pode actuar, hai que facelo doutro xeito”, e iso ¿que significa?, se vostede nos pide trato igualitario, que eses concellos, ¿que porque cando eles, utilizando a súa autonomía, propoñían unhas obras, non puideron actuar sobre elas, van perder a oportunidade dese crédito potencial que tiñan aí?, pois non, nós pensamos que é moito mellor dicirlles: “mire, vostede non puido actuar porque a quen lle correspondía velar polo noso patrimonio, di que desta maneira non pode levala a cabo, ben, pois e vostede dispón deste crédito, propoña outras obras e executéas”, isto ¿que pasa?, que leva máis tempo do que sería desexable levar a cabo o plan, pero ¿iso significa que o plan non sexa importante?, ¿iso significa que o concello que non poida facelo, pois que se amole?, pois nós non

pensamos así; o concello que non pode facelo, ás veces é porque non dispón das técnicas axeitadas, porque non todos teñen ese tipo de recursos, e si cremos na autonomía municipal, e ás veces os cidadáns están reclamando actuacións en determinados lugares, tamén hai que respectar que o alcalde, e a súa corporación, onde goberna, e é un concello pequeno, propoña aquilo que lle parece máis importante, se despois hai que facelo doutro xeito, ou hai que cambiar a obra, non vai ser a Deputación provincial, e moito menos este grupo de goberno, o que lles negue esa oportunidade ós veciños.

Despois vostede sinalaba, Sr. Rodríguez Doval, un conxunto de temas relativos ó tema de persoal, ó tema de familia, ó tema da peaxe da Barcala, na peaxe da Barcala, se quere facer política diso, eu penso que non é este o foro máis axeitado, pero voulle dicir, a única razón pola que vai aí é porque houbo un erro material e había que cambiar o concepto, e no lugar de estradas, tiña que ser transportes, e nisto o Sr. interventor e os demais membros técnicos desta casa, saben que foi así, e vostede sabe que xa estaba no orzamento anterior, é dicir, non o inventamos, estaba aí, o único que sucede é que houbo un erro material, hai que cambialo de partida e cambiámolo, traémolo aquí, damos conta, e se temos que render algún compromiso, tamén llo dicimos. Parécenos razoable que isto se leve a cabo porque pensamos que é un ben para toda a área metropolitana, e polo tanto a deputación está cumprindo, nese aspecto, con tódolos veciños do contorno da cidade da Coruña. O mesmo para o convenio con Familia, ou o mesmo para o tema de persoal. No tema de persoal está aberto un proceso de negociación por parte dos responsables políticos desta casa e os representantes que aínda tivemos que esperar, ata hai poucos días, onde se escolleron ós novos representantes do persoal, estase continuando con ese período de negociación e prudentemente poñemos xa unhas cantidades que estaban “comprometidas”, para que actúen no sentido e no acordo ó que se chegue.

Polo tanto, creo que todos estes temas puntuais polos que foi facendo vostede percorrido, non só é que teña xustificación, senón que son materializacións e compromisos deste grupo de goberno, e non imos desatender as reivindicacións xustas, pero tamén imos intentar dentro desas reivindicacións, chegar a un acordo sobre a base duns criterios, e así o estamos facendo. Por iso, Sr. Rodríguez Doval, eu dígo lle, aquí hai necesidades, as necesidades tentamos atendelas con recursos, eses recursos utilizamos o recurso ó crédito só cando é necesario e para priorizar en atencións básicas, e estoulle chamando básicas a infraestructuras, capítulo VI e VII, que é o 86% de cada 100 pesetas que aquí van nese crédito, e ademais dentro do que son aqueles compromisos que, por diversas razóns, non puidemos executar, e ás veces imos máis lentos no Plan de turismo de natureza do que deberíamos, no Plan XXI, pero ¿que pasa?, que o concello tamén non ten que reflexionar ben como vai desenvolver o seu compromiso con ese medio do cal dispón e que, ben, ás veces non é tan sinxelo como nos parece. Por iso, eu penso que todo o que sexa flexibilidade é bo, todo o que sexa autonomía municipal é boa, e todo o que sexa dispoñer dese compromiso con melloras as nosas infraestructuras, que penso que é, por primeira vez,

o Plan de estradas máis ambicioso que este organismo desenvolveu, estamos falando de 4.000 millóns de pesetas para actuar sobre 2.000 quilómetros de vías provinciais; estamos falando dun Plan, tamén para vías locais, que esta corporación está apoiando de maneira decidida e clara. Eu penso que todas estas non son necesidades clientelares dun grupo político, senón que isto son necesidades globais dos cidadáns da nosa provincia, que a través da institución provincial estamos intentando mellorar. Polo tanto paréceme que é un expediente adecuado, pero non hai precipitación algunha ó traelo ó pleno, que tampouco se debe de deixar moito máis para alá, porque claro, necesitamos un período de tempo para ver todo o que era a liquidación do orzamento anterior, que eran os dous meses e medio primeiros do ano, e estamos agora a primeiros de maio, a fins de abril, -digan como queiran vostedes isto-, traendo xa aquí a utilización deses recursos da mellor maneira que marcamos no orzamento, porque o orzamento marcou unha tendencia, e logo a súa execución, a través da suplementación marca a vontade política, e a vontade política é que, basicamente, o Plan de estradas se lle dedica o 50% de todo o que representa este expediente de modificación de créditos, máis do 50% , pensamos que iso é un indicador claro de que hai criterio político, pero criterio político non para beneficiar a uns cantos, senón para atender as necesidades globais da nosa provincia.

Sr. Presidente

Rógolles que sexan breves nesta segunda intervención. Moitas gracias.

Sr. Rodríguez Doval

Serei breve, nunca anuncio que son breve, pero ás veces son breve, incluso máis breve que o Sr. Erias, pero prefiro non anunciálo porque igual me equivoco. Non, vou ser moi breve, o primeiro é que lamento que o Sr. Erias sempre o traiciona o subconsciente, vostede fixo referencia a unha palabra que hoxe aquí non se pronunciou, pero cando vostede o di, por algo será; eu dixen, as prioridades do equipo de goberno, non falei nada de clientelares, pero vostede saberá se algunha cousa ten que ver coa outra, pero eu non falei de clientelares, dixen, e ademais téño apuntado, dixen “non necesidades globais, senón prioridades do grupo do goberno”, pero ben, se vostede o di, a min tamén me vale.

Eu xa sabía, o noso grupo xa sabía, que o remanente de Tesourería, cando se deu conta aquí coa aprobación dos orzamentos, xa sabemos, polo menos os que levamos certo tempo aquí, xa sabemos que tódolos anos previos ó ano das eleccións municipais hai un gran remanente de tesourería, eu non aprendería outra cousa pero iso, no tempo que levo aquí quedoume claro, e xa sabemos que nos anos previos ás eleccións municipais, hai que facer moitas obras, ben, pois xa está, xa non toquei iso, pero lémbrome, entón eu xa sabía que o remanente de Tesourería era unha operación provocada para que nos quedara este remanente para poder utilizalo, pero non falei nada en absoluto diso.

Non quero discutir do que coincidimos, Sr. Erias, ademais penso que na miña intervención fixen mención, en concreto, e fíxoo despois tamén o voceiro do grupo socialista, a algo no que parece que todos e todas coincidimos, que é precisamente que a cantidade que figuraba para as vías provinciais era unha cantidade pequena, ben, ¿cal é a diferenza?, que tanto o grupo socialista como o BNG nos debates do orzamento fixemos constancia de que nos parecía que esa partida era pequena, vostedes votaron a favor dese orzamento, e agora o están corrixindo, entón penso que non nos equivocamos os grupos da oposición, penso que orzamentou por baixo o grupo de goberno, nada máis que digo iso. Entón niso coincidimos, esas si que son necesidades globais, como poden ser outras que van aquí, pero outras son necesidades que non son globais, que a min me levan a pensar, e ó noso grupo, que efectivamente vostedes pretenden, fóra do que está regulamentado para determinado tipo de subvencións ou achegas que se fan ós concellos e institucións, resolver outros problemas, que seguramente hai que resolver, pero entón teñamos claro se nos vale a todos un mecanismo ou se non nos vale, nunha palabra, de se somos capaces, neste clima de consenso que parece impera noutras institucións, poñernos de acordo aquí no consenso pervio, que é se hai un mecanismo unitario para toda a actuación que faga esta deputación, e temos que volver irremisiblemente ó tema da unificación dos plans, dos mecanismos de cooperación local cos concellos e ó tema da política de subvencións, é que iso é básico, porque se conseguimos regular iso, teña vostede por seguro que estea aquí quen estea, teremos dado un gran paso naturalmente para conseguir avanzar e non conseguir o perfecto, que nunca se consegue, senón conseguir algo mellor e máis transparente. Entón, no que coincidimos, non debata vostede, vostede debate o das estradas e concidimos niso, é máis, dixémoslle que queremos máis diñeiro aínda, e se non o entendeu vólvollo a repetir, máis diñeiro aínda.

Do do tema famoso que vostede me comentou respecto do que se denomina Plan adicional do 2000 de arquitectura popular. Eu recoñezo que, efectivamente, é complexa a tramitación de determinado tipo de mecanismos de colaboración cos concellos, do que chamamos aquí plans, recoñezo que é moi difícil, pero eu penso que ás veces aquí se confunde a necesaria autonomía municipal con entender que os concellos non so maiores de idade, entón, si partimos da base de que os concellos son maiores de idade, eu penso que nun prazo de catro anos é un prazo excesivamente longo para que nós acabemos modificando as bases que fan estéril todo o proceso que fixemos anterior, é dicir, un plan que se convoca regula ou non regula, un plan que se convoca, condiciona ou non condiciona, un plan que se convoca, obriga ou non obriga, iso é o que quero saber eu, porque a min ás veces dame a impresión de que non obriga a nada, e teño que dicir aquí que estamos, ás veces, modificando bases de plans que teñen tres e catro anos, ¿por que?, porque a mecánica leva a que, para solucionar pequenos problemas, haxa que facer iso. Entón, poñámonos de acordo, se nos poñemos de acordo con iso, farémolo para sempre, pero incluso entón era mellor non regular nada, é dicir, que se abra a espita, que hai 2000 millóns

de pesetas e que cada un, dentro de catro anos, que nos dea conta de se gastaron ou non gastaron, -estou levando isto ó absurdo, que xa sei que non é así-. Entón, eu sei que é complicado, pero tamén é complicado porque nós metémonos nunha fariña que, ó mellor, non nos tiñamos que ter metido, que é o tema de patrimonio, e entón ¿nós non sabiamos que para facer actuacións de patrimonio hai un organismo que, afortunadamente, se ten que preocupar por velar porque as actuacións que se fagan sexan así, e evitemos que, por exemplo, a través do Plan de arquitectura popular se asfalten eiras, ou que se asfalten adros de igrexa, etc., etc., como cousas que se fixeron aquí, que teñen bastante pouco que ver coa recuperación do noso patrimonio?, ¿non sabiamos iso? Entón, eu penso que é preferible que cando fagamos as bases digamos, no caso no que tramitada a obra xe diante de patrimonio, ó cabo de tres meses non se dea contestación, ó concello en dous meses poderá modificar a obra, pero non despois de catro anos e por unha política de feitos consumados, que é pola que chegamos aquí, porque a min se se chega por unha política de debate e por unha política de necesidade, pódeme gustar ou non, pero chegamos, pero aquí chegamos por unha política de feitos consumados, que é que nos quedaron 40 concellos aí fóra, entón efectivamente temos que facer realmente o que hai que facer. Entón, fagamos as bases mellor, e cando vexamos que non se cumpren, tomemos unha decisión política, pero eu penso que vostedes, ó final, acaban entendendo os plans cuadrienais, non os plans que duran catro anos, senón os que lles levan catro anos facerse, porque este plan é un plan cuadrienal porque despois de catro anos revisámolo, é dicir, a ver se entendemos o que significa cuadrienal, parece un xogo de palabras pero eu entendínme bastante ben, e penso que o Sr. Erias tamén.

E remato co tema da Barcala, a min moléstame que o Sr. Erias se esqueza que aquí demos un debate que quedou pendente. Esta deputación aprobou un protocolo, quere iso dicir que esta deputación, de momento, non ten ningún acordo efectivo, a non ser que entendamos que un protocolo dá dereito a algo, entón, eu o único que lle dixen foi, primeiro, de que este si que é un foro, ou sexa, o foro que vai pagar a incompetencia política da Xunta e de Fomento por cumprir un acordo que tiñan desde hai tempo, o foro político, nós que levamos..., os “curritos” que lle imos poñer os cartos aí, para un acto de irresponsabilidade política que fixeron porque era un compromiso que ese treito fose gratis e, polo tanto, que imos pagar co diñeiro que tiñamos que dedicar ás necesidades da provincia, imos pagar a incompetencia da Xunta de Galicia e do Ministerio do Fomento, e vostede dime que este non é o foro político, entón, ¿onde quere que vaia? ¿que me meta nun cine e comece alí a dar...?, home, por favor, eu penso que iso é pouco serio. Eu digo que o que si non é moi político e traer aquí a aprobación da partida económica e non ter a valentía política para traer o acordo, o convenio, cando resulta que no Morrazo xa se estean pelexando por se as tarxetas funcionan ou non, se vostedes ademais saben que van ter que traer ese tema. Entón, a min, poden vostedes facer o que queiran, ademais ten a maioría, pero non me diga que eu non teño autoridade para dicir que este tema ten que vir aquí, e ademais que este non é o foro político, porque entón eu xa non sei onde estou, a verdade que co tempo que leva un

aquí, seguramente xa lle parece que está equivocado, pero si Sr. Erias que este tema tiña que vir aquí, porque xa lle digo, ten que vir aquí sobre todo porque non é unha competencia nosa, e bastante desgracia é que teñamos que aguantar con pagar o pato, como se acostuma a dicir, da incapacidade doutro tipo de administración, é dicir, en política se se fan promesas hai que cumprilas, o que non se pode facer é pasarlle o argallo ó señor que está ó lado, e co diñeiro da deputación non é para iso, senón dígame vostede onde pon o Regulamento, ou da definición que se fai das funcións da deputación, se isto é colaborar coas competencias dos concellos, isto non é colaborar coas competencias dos concellos, isto é outra cousa moi distinta que é, efectivamente, xa a definín antes.

Polo tanto, Sr. Erias, eu no que coincido non quero debater con vostede, pero coincida vostede comigo en que, efectivamente, vai neste expediente modificativo de créditos, máis das cousas que corresponden ás prioridades que marca o grupo de goberno que as necesidades reais e obxectivas do conxunto da área que ten que cubrir esta deputación, que é o conxunto da nosa provincia. Polo tanto, reiteramos a nosa oposición a este expediente tal e como se trae.

Sr. Lagares Pérez

Moi brevemente, para facer varias matizacións. Tódolos filósofos, desde a antigüidade, das teorías socráticas, ó tomismo ata as teorías filosóficas actuais, falan que ten que haber unha crítica, unha autocrítica para chegar a unha síntese. Penso que neste aspecto esta síntese do expediente a nós gustounos, fixemos a nosa crítica, evidentemente, e gústanos porque vemos que o equipo de goberno fixo a súa autocrítica de cara ó orzamento preventivo do exercicio 2002. Recoller as ofertas da oposición, é evidente que a filosofía do equipo do goberno non coincide coa do grupo provincial socialista ó cen por cen, pero como non imos coincidir se se mellora o mantemento e conservación de estradas, e nalgúns aspectos pendentes como pode ser a semaforización dalgúns puntos conflictivos, que anunciamos aquí e que xa pedimos; ¿como non imos estar de acordo nas expropiacións para que as vías provinciais teñan máis folgura, para que teñan beirarrúas, para que teñan máis seguridade vial?, temos que estar de acordo; ¿como non imos estar de acordo para que se faga un novo Plan de travesías, deste novo Plan VIP, deses millóns de euros que aparecen formalmente recollidas neste expediente de modificación de créditos?, claro que temos que estar de acordo, pero a oposición vai seguir pedindo máis, e vai seguir demandando melloras para os concellos e para os cidadáns da provincia.

Como imos seguir pedindo que se mellore a xestión orzamentaria, indubidablemente, ninguén é perfecto, nin o goberno nin a oposición, entón, mellóremos, fagamos mellor xestión, mellóremos os servizos, esteamos mellorando as condicións de vida dos cidadáns da nosa provincia. Iso é o que pedimos e demandamos desde o grupo socialista.

Sr. Presidente, queremos continuar co noso diálogo, con obxectividade, e que o consenso que en moitos puntos hai, como é este expediente de modificación de créditos, que siga indo a bo porto porque esta deputación ten que demostrar na práctica que é o concello de concellos, e que esta provincia, harmonicamente, baseándose na cooperación e na solidariedade, avanzará cara bo rumbo. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Erias Rey

Realmente, eu si que vou ser breve, eu non o vou repetir dúas veces. Agradezo ó grupo socialista tódalas propostas para mellorar, tomaremos nota ata onde sexamos capaces de facelo, e tamén onde temos discrepancia, sen ningunha dúbida, expoñerémolo.

Eu pensei que cando vostede comezaba, Sr. Rodríguez Doval, que dado que me anunciaba ese clima de consenso, que ía cambiar o sentido do voto, pensei que ía cambiar, pero ben, vexo que non, probablemente cun xantar, ou unha reunión piodamos chegar no futuro a desenvolver mellor esa cooperación. Pero en todo caso, e bromas á parte, o que si quero dicirlle é que este expediente, e vostede tamén o dixo, recolle o que son prioridades básicas, logo recolle algúns temas que están en distintas etapas da súa tramitación, e eu podo poñer o exemplo do que sería o futuro, do que será o futuro recinto feiral, ou do que é o centro das artes, ou o do que vai ser o edificio administrativo, que están cunha execución non ó ritmo que a todos nos gustaría porque, unha vez que orzamentamos, desde logo que lle digo que non o facemos para poñer aí un número, porque ademais, e isto vólvollo a subliñar, Sr. Rodríguez Doval, a discrepancia é total con respecto á súa formulación. Se vostede, da súa experiencia política decidiu que os políticos, entre comiñas, utilizamos o remanente como un instrumento de materialización de cubrir oportunidades que se fan á marxe do que son determinados criterios, eu lamento dicirlle que levo pouco tempo, pero que nunca desenvolvín iso, nin penso niso, nin deste este grupo de goberno defendemos iso, iso será unha evidencia moi constatada, pero reitérolle que, desde logo, non é nin a vontade deste grupo de goberno, nin deste voceiro de economía que lle está falando, por unha razón, porque se nós fixeramos o que vostede nos acaba de anunciar, e puxeramos para estradas, por exemplo, no orzamento, en vez de 300 millóns, 1.500 millóns, ¿sabe de que estaríamos falando?; de que nestes momentos a discrecionalidade sería o dobre da que nestes momentos o grupo de goberno ten, ¿por que?, porque endebedaríamos á deputación en 1.200 millóns de pesetas máis, para non executar nada durante os tres primeiros meses e irresponsablemente continuaríamos dispoñendo dese remanente. Eu aí si que lle digo que non é así, e se alguén o fai así, desde logo, que renda contas e que os que teñen a obriga de estar na oposición, que llo demanden. Desde este grupo de goberno se os orzamenta o que se pode executar, por iso orzamentamos 300 millóns, e xa daquela anunciamos que iamos suplementalo ata 1.500, podíamos ter feito o contrario, non o fixemos porque habería que endebedar á deputación en 1.200 millóns de pesetas para non ser capaces de executalo e, polo tanto, estaríamos transmitindo, non só ós cidadáns actuais, senón ás xeracións futuras,

unha irresponsabilidade na xestión dos recursos que son de todos. Polo tanto, reitero que aí si que non me serve e agora si que penso que niso hai que facer un esforzo de empezar a ver o século en que vivimos coas pautas coas que se executan e hai que desenvolver, porque é moi fácil moitas veces oír falar de descalificacións ó déficit cero, descalificacións, miren, aquí do único que se trata é de que a ninguén lle resulta moi atractivo ter que contribuír con máis impostos para cuestións que non se resolven, nin eficiente, nin tampouco de maneira solidaria con todos. A solidariedade interxeracional, á parte de todas esas cuestións que xa son manidas, e que todos coñecemos, como é ter maiores oportunidades para desenvolver emprego, e polo tanto, riqueza, é comezar a ser responsable cada un da súa área. E eu dígolle, este grupo de goberno podería utilizar eses 24 millóns de euros de remanente de libre disposición e ter outro colchón maior facendo o que vostede nos di, non queremos facer iso, e por iso estamos actuando como estamos actuando, e ás veces escoitamos críticas que tomamos boa nota delas, porque é certo que, nalgúns casos, hai que facelo, e hai que tamén darse conta de que as dificultades están aí, pero tamén estamos nós aquí para intentar superalas.

Polo tanto, eu en tódolos demais temas si que lle digo que hai asuntos menores nos que se pode ter un punto de vista discrepante, hai asuntos globais nos cales temos un proxecto para toda a provincia, e penso que non hai discrepancia política, vostede dixo que lle parecen ben as estradas, nós agradecemosllo, nós intentámolo facer, pero no outro si que non estamos de acordo, e niso, na parte que a min me corresponde, estrictamente desde a perspectiva de mellorar o que é a eficiencia do gasto público provincial, penso que o estamos facendo responsablemente, penso que iso non é unha boa declaración de principios da experiencia política e ben, cada un ten a que ten, e di o que cre oportuno, eu, desde logo, iso si que non o comparto.

Polo tanto, reitero o que me gustaría que puidesemos desenvolver maior consenso, desde o grupo de goberno estamos abertos ó diálogo, eu ofrézolle ó seu grupo, igual que ó resto dos grupos que poidamos, e cando llo dicía na comisión previa para determinar os asuntos do Pleno estáballo dicindo con total responsabilidade, é dicir, este expediente convocouse con pouco tempo para que os grupos da oposición puideran estudialo. Unha vez máis teño que facer eu, como responsable da Comisión, autocrítica, e por iso quería brindarme para que vostedes coñecesen, darlle as explicacións, dicirlles por que estivemos orzamentando desta maneira, porque agora suplementamos no 80% das accións que traemos aquí determinadas partidas, e cales eran os compromisos. Vostede leuno, leuno eu penso que adecuadamente, aplicoulle a filosofía que vostede ten, paréceme moi ben, agradariame que considerase, nese clima de maior entendemento, o sentido do seu voto, pero se non é así, sentímolo. En todo caso, reitero que pensamos que é un expediente necesario, que é un expediente que trata de responder ás necesidades que ten esta provincia e que é coherente co que o presidente da deputación e o grupo de goberno vén defendendo. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Simplemente unha intervención moi breve, para confirmar que este equipo de goberno acertou na súa partida orzamentaria para a conservación de estradas para este ano, que se mal non recordo era de 800 millóns de pesetas e que sí polo bo funcionamento desta deputación, e digo do equipo de goberno, dos funcionarios, e coa colaboración da Xunta de Galicia, houbo que facer uns cambios ós modificados, e explícome.

O 1 de xaneiro había 300 millóns de pesetas para expropiación de terreos para vías provinciais, os cales se gastaron integramente, que iso é sinal de que se funciona ben, e non só se gastaron integramente senón que houbo que coller 100 millóns de pesetas do Plan de Conservación de estradas.

O que se fai neste modificado de crédito é repoñer 300 millóns de pesetas máis para expropiacións e tamén poñer os 100 millóns de pesetas máis que lle sacou á conservación de estradas. Polo tanto, acertouse nese Plan de conservación de estradas, pensamos que imos no bo camiño e, ó mesmo tempo penso que estamos demostrando que estamos funcionando con axilidade.

No tema da Barcala, dicir que, por suposto, esta partida estaba xa no 2001, estaba nunha partida de estradas como unha achega á Xunta de Galicia, como ben dixo o Sr. Erias, entendeuse que era máis idóneo xurídica, tecnicamente, estar nun programa, un plan de transportes, cunha achega ós veciños da área metropolitana. E, por suposto, asinouse un protocolo, a raíz dese protocolo habilitouse unha partida que é necesaria para asinar ese convenio que lle aseguro, Sr. Rodríguez Doval, que se asinará brevemente e que está pendente nada máis duns temas técnicos para que iso funcione o mellor posible.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Préstase aprobación o seguinte dictame da Comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada segundo o establecido no art. 37 do R.D. 500/90 do 20 de abril, e co detalle seguinte:

- Memoria da Presidencia.
- Detalle das partidas orzamentarias a complementar ou habilitar crédito, e o medio de financiamento previsto para este.
- Propostas das distintas unidades, detallando o carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.
- Informe da Intervención Xeral.

E de conformidade co artigo citado, adóptase o seguinte acordo:

1º.-De acordo co que establece o artigo 26 do R.D. 500/90, do 20 de abril, recoñécense obrigas de pagamento por importe total de 13.398,23 euros a favor das persoas físicas e xurídicas que a seguir se detallan:

A favor de GALVÁN SPORT S.L., correspondente á factura núm. 348 do 14.05.01 por importe de 8.097,60 euros pola subministración de equipamento de ximnasia con destino ó Instituto Puga Ramón.

A favor de INPROES, S.A. e ITEC S.A.; UTE correspondente á factura núm. 23 do 19.02.01 por importe de 495,29 euros da certificación número 21 de honorarios pola realización do modificado do contrato de asistencia técnica para a realización do control de calidade da obra da Presa de Abegondo.

A favor do Concello de Betanzos, correspondente ás facturas núms. 49, 50, 51, 52, 53 e 54 por importe de 4.805,34 euros polo aluguer de local para o Servizo de Recadación, período xullo-décembro 2000.

2º.-Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 1/02 de competencia do pleno, en trámite dentro do vixente orzamento xeral, por importe de 35.410,70 euros, e que ofrece o seguinte resumo:

AUMENTOS:

CE. CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 2.261.161,65

SC. SUPLEMENTOS DE CREDITO 32.842.249,05

TOTAL AUMENTOS **35.103.410,70**

BAIXAS: (Financiamento)

BA. BAIXAS POR ANULACIÓN 61.110,00

RX. R.T. GASTOS XERAIS 35.042.300,70

TOTAL BAIXAS

35.103.410,70

3º.-Expoñer ó público o dito expediente no BOP por prazo de quince (15) días hábiles, para os efectos de reclamacións contra o mesmo, a teor do establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado R.D. 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, considerarase definitivamente aprobado sen necesidade de adoptar novo acordo. De presentarse reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º.-O resumo por capítulos do dito expediente, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, a teor do establecido no artigo 20.5 do citado real decreto 500/90, do 20 de abril.”

(Sae o Sr. González Garcés).

5.-INTEGRACIÓN DA DEPUTACIÓN COMO PATRÓN INSTITUCIONAL NA FUNDACIÓN PRIVADA DEMOCRACIA E GOBERNO LOCAL.

Por unanimidade, préstase aprobación ó seguinte dictame da Comisión:

“1º.-Aceptar a integración da Deputación Provincial da Coruña, como patrón institucional, na fundación privada “Democracia e Goberno local” constituída pola Deputación de Barcelona, atendendo ó interese xeral que concorre nos obxectivos e finalidades desta.

2º.-Aprobar os estatutos polos que se rexe a fundación, de conformidade co texto que se adxunta ós presentes acordos como anexo sinalado de número un.

3º.-Designar ó deputado e vicepresidente 1º, D. Antonio Erias Rey para que se integre como vocal en representación da corporación, nos órganos de goberno da fundación.”

ESTATUTOS DA FUNDACIÓN PRIVADA *DEMOCRACIA Y GOBIERNO LOCAL*

Capítulo I. Denominación e personalidade

Artigo 1. A fundación denomínase Fundación Privada Democracia e Goberno local, está suxeita á lexislación da Generalitat de Catalunya e rexerese polas normas legais e regulamentarias que sexan de aplicación e, de maneira especial, por estes estatutos.

Artigo 2. A fundación exerce as súas funcións principalmente en Cataluña, sen prexuízo de exercelas tamén en todo o Estado español, terá unha duración indefinida e exercerá a súa actividade a partir da data de outorgamento da carta fundacional.

Artigo 3. A fundación, entidade sen ánimo de lucro, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica para obrar desde a súa constitución legal, sen outras limitacións cás que impoñan expresamente as leis ou estes estatutos.

Capítulo II. Finalidades e ámbito de actuación.

Artigo 4. As finalidades fundacionais, de promoción e servizo e dirixidas ó interese xeral, teñen por obxecto contribuír e dar soporte a todo tipo de actuacións e de iniciativas para o coñecemento, o estudo, a difusión e o asesoramento en materia de dereito e de réxime xurídico local, en tódolos seus aspectos políticos, administrativos, legais e xurisprudenciais. Para conseguir o obxectivo fundacional enunciado de forma xenérica, a fundación orientará a súa actuación ó exercicio das seguintes actividades:

1. O seguimento, análise e estudo da normativa comunitaria, estatal e das comunidades autónomas que afecte directamente ó goberno local así como da xurisprudencia constitucional, contencioso-administrativa e electoral xerada pola súa actividade e que incida especialmente no funcionamento das entidades locais.
2. A organización, xestión e administración de cursos e seminarios, conferencias, xornadas, coloquios e outras actividades que fagan referencia ó mundo xurídico local.
3. A formación, especialización e reciclaxe das persoas vencelladas ó mundo local, tanto dos cargos electos como de todo tipo de persoal ó servizo da Administración pública, con especial incidencia na Admón. local.
4. A elaboración, edición, publicación e difusión de traballos de estudo, investigación ou formación realizados pola fundación ou para persoas físicas ou xurídicas que se consideren de interese, así como as traducións ou a reprodución de informes que se crean necesarios ou convenientes.
5. O asesoramento e a emisión de dictames ou informes a instancia de calquera Administración pública.

6. A relación con outras institucións, organismos ou corporacións de Cataluña, do Estado español ou do estranxeiro, que realicen actividades similares ou que poidan ser de interese para a fundación, interesantes dos sectores públicos ou privados o soporte ós seus cometidos.

7. A institución e concesión de bolsas e axudas para cursar estudos ou para realizar traballos e busca no ámbito das finalidades funcionais.

8. A busca de fondos e subvencións e a canalización dos recursos materiais e humanos necesarios para garantir o estudo e a investigación, para o mantemento das infraestruturas e, en xeral, para realizar os proxectos e actividades propias das finalidades fundacionais e dar soporte ás accións que coadxuven á súa realización.

9. Calquera outra función que a fundación considere de interese para o desenvolvemento do coñecemento, o intercambio de experiencias e información sobre as funcións sinaladas e, en xeral, a realización de tódalas actividades directamente relacionadas cos seus obxectivos.

Artigo 5. A anterior enumeración de obxectivos e finalidades da fundación non ten carácter limitativo nin comporta a obrigatoriedade de atendelos a todos, nin tampouco unha orde de prelación entre eles.

O padroado goza de plena liberdade para seleccionar entre os obxectivos nomeados o que considere máis oportuno ou adecuado ás circunstancias, ou, mesmo, realizar outros que cumpran igualmente as súas finalidades esenciais e a vontade da institución fundadora.

Capítulo III. Beneficiarios

Artigo 6. A fundación despregará a súa actividade en beneficio das entidades locais do persoal ó seu servicio e de tódalas outras persoas físicas e xurídicas, públicas, ou privadas que compartan o interese ou o esforzo en conseguir as finalidades fundacionais e estean interesadas en dispor dos servicios que se ofrecen no marco que regulan os presentes estatutos, os regulamentos que os despregan, as bases que se aproban e os acordos dos órganos de goberno da fundación.

Capítulo IV. Domicilio

Artigo 7. O domicilio da fundación en Cataluña fíxase na cidade de Barcelona e establece a súa sede na da Deputación de Barcelona, Rambla de Catalunya, nº 126.

Este domicilio poderá ser modificado, pero sempre dentro desta cidade, por acordo do padroado da fundación, cumprindo para tal efecto, os requisitos administrativos que se encontren establecidos.

A fundación, para un mellor despregue do seu labor, poderá por acordo do padroado establecer subsedes, crear e suprimir delegacións, establecementos e dependencias noutras localidades da comunidade autónoma catalana ou do resto do territorio español.

Capítulo V. Dotación e aplicación dos recursos.

Artigo 8. A dotación inicial da fundación queda constituída polos bens e dereitos achegados no acto fundacional e polos bens que, de agora en adiante, se acheguen por calquera dos medios admitidos en dereito, cando o padroado acorde aceptalos precisamente para aumentar a dotación ou o capital fundacional.

Artigo 9. As rendas do capital fundacional e os outros ingresos que non forman parte da dotación da fundación téñense que destinar, dentro dos límites que establece a lexislación vixente, ó cumprimento da finalidade fundacional.

Artigo 10. Se a fundación recibe bens sen que se especifique o destino, o padroado debe decidir se teñen que integrarse no capital fundacional ou deben aplicarse directamente á realización dos fins fundacionais.

Artigo 11. O padroado está facultado para efectuar as modificacións que considere necesarias no capital fundacional para un mellor cumprimento dos fins fundacionais, conforme con aquilo que aconselle a conxuntura económica do momento e, en todo caso, conforme á lexislación vixente.

Capítulo VI. Órganos de goberno da fundación.

Sección 1. Dos órganos de goberno

Artigo 12. A representación, o goberno e a administración da fundación corresponden, coa distribución de competencias que se establecen nestes estatutos, ó padroado, ó presidente e ó director da fundación.

Os órganos de goberno da fundación exercerán as súas respectivas funcións e competencias con plena independencia e soberanía, e sen outra limitacións que as que establecen estes estatutos e as leis, con escrupuloso respecto á vontade da institución fundadora, posta de manifesto á escritura de constitución e ós estatutos.

Sección 2. Do padroado

Artigo 13. Correspóndelle especialmente ó padroado a interpretación, o desenvolvemento e a execución da vontade manifestada pola institución fundadora na escritura de constitución e nestes estatutos, e, en xeral, tódalas facultades e funcións non reservadas a outros órganos por estes estatutos.

O padroado ten as facultades de administración e xestión, disposición e gravame de bens, e representación da fundación, sen máis limitacións cás resultantes da lexislación na materia.

Artigo 14. Igualmente lle corresponde ó padroado:

- a) Aprobar o programa anual de actividades da fundación e dirixir o funcionamento interno, exercendo a alta inspección, vixilancia e orientación dos seus servicios, establecendo os regulamentos que considere pertinentes.
- b) Decidir de entre as finalidades fundacionais aquelas que teñan que ser atendidas prioritariamente.
- c) Aprobar as bases para o destino de recursos e determinar a aplicación dos investimentos que se van realizar.
- d) Formular e aprobar os orzamentos anuais de ingresos e gastos e a súa liquidación, o estado de contas, o inventario e o balance.
- e) Aprobar o programa anual de actividades e a memoria.
- f) Representar á fundación dentro ou fóra de xuízo, en toda clase de actos e contratos, e perante a Administración e terceiros, sen excepción.
- g) Nomear e afastar libremente ó persoal directivo.
- h) Nomear apoderados xerais ou especiais que representen a fundación en tódalas súas actuacións, coas facultades necesarias e pertinentes en cada caso, con excepción das que por lei ou por estes estatutos sexan indelegables, podendo conferir os oportunos poderes coa facultade de substitución, se procede, e revogalos na data e forma que estime procedente.
- i) Conservar os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación e manter a produtividade, segundo os criterios financeiros e de acordo coas circunstancias económicas e, para estes efectos, adquirir, alienar e gravar bens mobles e inmobles e valores mobiliarios que non coticen en bolsa.
- j) Contratar obras, subministracións, servicios, consultorías e asistencias, e dar e recibir en arrendamento todo tipo de bens e servicios, sempre que o seu importe sexa superior a 35.000 €(5.823.510.- pesetas).
- k) Modificar os estatutos cando conveña ó interese da fundación, tendo en conta á vontade da institución fundadora, e promover a fusión, a escisión ou a extinción cando non fora posible cumprir os seus obxectivos.

- 1) Calquera outro que requira a autorización do protectorado ou se deba notificar preceptivamente.

Tódalas facultades mencionadas enténdense sen prexuízo da obtención da autorización do protectorado sempre que sexa legalmente preceptiva.

Non son delegables as funcións establecidas nos apartados a), b), d), e), i), k) e l).

Artigo 15.1. O padroado está formado por un mínimo de seis e un máximo de quince patróns, dos que unha terceira parte, como mínimo, terán o carácter de patróns institucionais e serán designados directamente pola institución fundadora, e o resto serán nomeados por acordo maioritario do propio padroado entre personalidades ou institucións que se distinguiran pola súa contribución á fundación ou pola súa actividade en pro das finalidades fundacionais. Serán patróns institucionais en calquera caso, o presidente da Deputación de Barcelona e os deputados presidentes das áreas de Réxime Interior, Facenda e Planificación e de Cooperación desta.

2. Tódolos patróns exercerán o seu cargo por períodos de catro anos contados desde a data de nomeamento, se ben no caso dos patróns institucionais este período coincidirá co dos mandatos corporativos, sendo renovados automaticamente cando o sexan os respectivos membros da institución fundadora.

3. Os restantes patróns poderán ser indefinidamente reelexibles, pero a elección dos novos patróns soamente se producirá cando teñan cesado os que teñan que ser substituídos. O cesamento dos patróns non institucionais producirase tamén automaticamente transcorridos os catro anos desde a data de nomeamento, sexa cal sexa a data de aceptación ou toma de posesión.

Artigo 16. O cargo de patrón é personalísimo e, en principio, tan só poden exercelo os membros do padroado que teñen atribuída esta cualidade, sen que poidan delegar a representación. Se a cualidade de patrón é atribuída á persoa titular dun cargo, pode actuar en nome seu a persoa que regulamentariamente o substitúa ou aquela que o titular designara por escrito.

O cargo de patrón é honorífico e de balde. Os seus titulares terán dereito a seren resarcidos dos gastos de desprazamento que efectúen para asistir ás reunións e por tódolos outros que lles represente o cumprimento dos encargos ou funcións que lles confíe o padroado.

Sección 3. Do presidente e vicepresidente.

Artigo 17.1. O presidente do patronato será o presidente da deputación de Barcelona e actuará como vicepresidente o deputado presidente da área de Réxime Interior, Facenda e Planificación, podendo ser representados ámbolos polos deputados ou deputadas que expresamente designaran por escrito.

2. Correspóndelle ó presidente do padroado:

- a) Convocar, fixando a orde do día e presidir as reunións do padroado, ordenar os debates e as votacións, decidir os empates co voto de calidade e suspender e levantar as sesións.
- b) Exercer en caso de urxencia e dando conta ó padroado na primeira sesión que celebre, as facultades de realizar todo tipo de accións, de excepcións de recursos e de reclamación xudiciais e administrativas, en defensa dos dereitos e intereses da fundación.
- c) Desempeñar a representación da fundación, por delegación permanente do padroado, en tódolos campos da súa actividade, tanto en xuízo como fóra del, e polo tanto pode comparecer, sen necesidade de previo e especial apoderamento, ante toda clase de xurisdiccións, sexan ordinarias ou especiais e ante o Estado, comunidades autónomas, entidades locais, organismos autónomos, entidades públicas e toda clase de persoas públicas ou privadas sexan físicas ou xurídicas incluídas as entidades bancarias de titularidade pública ou privada, institucións benéficas de cambio e aforro sometidas a lexislación especial e calquera outra legalmente recoñecidas, podendo outorgar poderes á persoa que considere oportuna para o exercicio destas funcións de representación.
- d) Tódalas atribucións que lle delegue o padroado e todas aquelas outras que sexan necesarias para o desenvolvemento do obxecto fundacional e non estean reservadas ó padroado de forma exclusiva, así como interpretar as débedas ou cuestións que se presenten en aplicación dos estatutos ou no non establecido neles.

Artigo 18. O vicepresidente substituirá ó presidente, en tódalas súas atribucións, cando o presidente delegue ou cando por calquera causa, non sexa posible a asistencia ou actuación do presidente, exercitando en tales supostos tódalas funcións correspondentes a el.

Sección 4. Do secretario

Artigo 19. O padroado nomeará un secretario que poderá non pertencer ó padroado. En tal caso terá dereito a asistir con voz pero sen voto ás súas reunións.

O secretario terá a función permanente de asesoramento e soporte técnico ós órganos de goberno da fundación; terá ó seu coidado a custodia da documentación oficial do padroado

e redactará as actas das súas reunións, que autorizará o presidente, e co seu conforme expedirá as certificacións dos acordos tomados e de calquera libro, documento ou atecedente da fundación.

Sección 5. Do director

Artigo 20.1 O director da fundación será nomeado polo padroado á proposta do presidente por un período de catro anos podendo ser de novo designado, unha ou máis veces para tal cargo, unha vez transcorrido o cuatrienio. O cargo de director da fundación poderá recaer nunha persoa que teña a condición de patrón. En calquera caso poderá ser retribuído polo exercicio das súas actividades no marco dunha relación contractual, incluídas as de carácter laboral.

2. Son funcións do director da fundación:

- a) Coordinar, promocionar e executar os acordos, os plans e os programas da fundación que determine o padroado.
- b) Formular o proxecto de orzamentos e a proposta do programa anual de actividades.
- c) Redactar e presentar a memoria anual das actividades desenvolvidas, así como dos gastos realizados.
- d) Ordenar cobros e pagamentos dentro das normas de execución do orzamento da fundación.
- e) Exercer a dirección administrativa e nomear e dirixir o persoal facultativo, técnico, administrativo, auxiliar e subalterno; fixar as condicións económicas e laborais, e concertar e rescindir os contratos correspondentes.
- f) Contratar obras, subministracións, servicios, consultorías e asistencias, e dar e recibir en arrendamento todo tipo de bens e servicios, sempre que o seu importe sexa igual ou inferior a 35.000 €(5.823.510.- pesetas).
- g) Asistir con voz pero sen voto ás reunións do padroado, agás no caso en que sexa membro no que terá voto.
- h) Todas aquelas atribucións de xestión ou representación que o padroado ou o presidente lle outorguen para un mellor e máis áxil funcionamento da fundación.

Capítulo VII. Réxime funcional.

Artigo 21.1. O padroado reunirse cantas veces o decida o seu presidente ou cando o solicite a terceira parte dos seus membros. En calquera caso, terase que celebrar ó menos unha sesión cada semestre.

2. Cursará a convocatoria o secretario por mandato do presidente, por calquera medio idóneo, incluído o correo electrónico ou outros medios telemáticos, cunha semana de antelación. Na convocatoria farase constar a orde do día, a documentación relativa á ela ou a indicación do enderezo electrónico onde se poderá consultar o lugar, a data e a hora da reunión. Durante a sesión non se poderán incluír outras cuestións máis cás fixadas expresamente na orde do día, agás que estean presentes a totalidade dos patróns designados e así o acorden por unanimidade.

3. O padroado quedará validamente constituído para deliberar e tomar acordos cando concorran na reunión, en primeira convocatoria, a metade máis un dos seus membros que por aceptaren o cargo, gozarán da condición de patrón, e en segunda convocatoria un tercio dos seus membros, cun mínimo de tres.

4. Os acordos adoptaranse por maioría absoluta dos patróns concorrentes na reunión, agás nos acordos que teñan por obxecto a modificación dos estatutos, a disolución do padroado, a aprobación ou modificación do Regulamento de réxime interior e a delegación de atribucións ou competencias ó presidente ou ó director da fundación, que deberá facerse por maioría de dous tercios. Correspóndelle un voto a cada patrón presente e non se admiten delegacións.

Capítulo VIII. Patróns honoríficos e colaboradores.

Artigo 22. O padroado pode nomear como patróns honoríficos, sen os deberes e obrigacións inherentes ó cargo de patrón, a persoas ou entidades que pola súa incidencia cidadá e coincidencia coas finalidades da fundación dean prestixio e faciliten a presenza social.

Artigo 23. As persoas físicas ou xurídicas que acheguen bens, donativos ou calquera outro medio persoal ou material á fundación serán consideradas como colaboradores da fundación e recibirán a correspondente credencial.

Artigo 24. O título de patrón de honor ou as credenciais de colaborador darán dereito a recibir a memoria anual e tódalas publicacións e folletíns que se editen. Serán, ademais, invitados a tódolos actos que organice a fundación e convocados a reunións especiais de tipo informativo ou consultivo para dar a súa opinión e consello sobre aqueles temas que afecten ó funcionamento da fundación.

Capítulo IX. Patrimonio e réxime económico.

Artigo 25. O patrimonio da fundación pode estar constituído por todo tipo de bens mobles e inmobles, dereitos e accións de calquera clase.

O padroado terá plena autonomía para a xestión dos seus propios recursos.

Artigo 26. Son ingresos da fundación afectos ó cumprimento das finalidades fundacionais.

- a) As rendas que se obteñan do capital fundacional.
- b) Os ingresos procedentes das actividades e servicios remunerados que preste.
- c) O importe das achegas, subvencións, donativos, legados e herdanzas (as cales se aceptarán soamente a beneficio de inventario) que reciba.

Artigo 27. O funcionamento económico do padroado regularase en réxime de orzamento. O orzamento ordinario será a expresión cifrada das obrigas contraídas durante un exercicio económico (que comprenderá desde o día un de xaneiro ata o trinta e un de decembro de cada ano), tocante ós servicios que debe manter a fundación, así como o cálculo dos recursos e medios de que dispoña para cubrir aquelas atencións.

O padroado aprobará o orzamento ordinario para o ano seguinte e a liquidación das contas do ano anterior.

Artigo 28. A xestión económico-administrativa da fundación e a tramitación dos asuntos que se deriven corresponderalle ó director da fundación, aténdose ás decisións e os acordos adoptados polo padroado.

Artigo 29. Anualmente, dentro dos seis primeiros meses de cada exercicio económico e en relación co peche do exercicio o 31 de decembro do ano anterior, o padroado ten que formular e aprobar o inventario e as contas anuais, integrados polo balance de situación que reflicte claramente e con exactitude a situación patrimonial da fundación na data mencionada; a conta de resultados e unha memoria das actividades realizadas durante o ano e da xestión económica do patrimonio, suficiente para dar a coñecer e xustificar o cumprimento das finalidades fundacionais e os preceptos legais.

A presentación de contas ó protectorado farase no prazo de trinta días contados desde a súa aprobación polo padroado.

Capítulo X. Extinción da fundación.

Artigo 30.1. Con independencia das causas de extinción dispostas legalmente, a extinción da fundación poderá ser acordada polo padroado cando as circunstancias evidencien a necesidade ou xustificada conveniencia de disolvela, por imposibilidade material de realizar a finalidade fundacional ou por falta de medios económicos necesarios para o

facer, tendo sempre en conta a vontade da institución fundadora manifestada no acto constitutivo e nestes estatutos.

2. En caso de extinción da fundación, o patrimonio ou remanente, de habelo, unha vez satisfeito o pasivo, reverterá integramente na Deputación de Barcelona.

DISPOSICIÓN FINAL

Única. Naquilo que non estea establecido nos presentes estatutos, será de aplicación a Lei 5/2001, do 2 de maio, de fundacións, da Generalitat de Catalunya e as disposicións que no futuro se poidan promulgar e que a substitúan, complementen ou modifiquen.

(Sae o Sr. Erias Rey).

6.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA BASE 7ª DAS REGULADORAS DO PLAN XXI DE INFRAESTRUCTURAS LOCAIS DE TRANSPORTE E TRAVESÍAS MUNICIPAIS 2002 NO SENSO DE ADMITIR EXPRESAMENTE O SISTEMA DE EXECUCIÓN POR ADMINISTRACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“Vista a proposta da Presidencia desta deputación ó pleno provincial con data do 19.04.2002 relativo á modificación da base 7 das reguladoras do Plan XXI de infraestructuras locais de transporte e de travesías municipais 2002 no sentido de admitir expresamente o sistema de execución por administración.

1º) Modificar a base 7 das reguladoras do Plan XXI de infraestructuras locais de transporte e de travesías municipais 2002, que foron aprobadas por acordo plenario do 31 de xaneiro de 2002 e publicadas no BOP núm. 29 con data do 04/02/02, de forma que esta modificación queda reflectida no parágrafo terceiro que se engade ó mencionado precepto para incorporar expresamente a posibilidade de aplicar o sistema de execución por administración, quedando redactado o texto íntegro da base 7 da forma que se indica a seguir:

“Base 7. Contratación das obras e dos equipamentos”

A contratación das obras e dos equipamentos realizarase polos respectivos concellos, antes do 1 de outubro de 2002, agás solicitude de prórroga motivada.

A contratación realizarase conforme ós pregos de condicións da deputación, mediante poxa ou concurso con procedemento aberto, ou mediante procedemento

negociado, de acordo co establecido no real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das administracións públicas.

Non obstante, tamén se poderá utilizar o sistema de execución directa por administración para as obras que se inclúan neste plan, de conformidade co establecido no artigo 152 da citada lei de contratos das administracións públicas e artigos 174 e seguintes do real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas.

As baixas de licitación que se poidan producir, aplicaranse en primeiro lugar a minorar a achega municipal voluntaria, se a houbese. No caso de que non exista achega municipal, ou que o seu importe sexa inferior á baixa producida, as baixas que minoren a achega da deputación poderanse destinar a financiar os investimentos contidos no plan complementario de cada concello.

2.-Someter o presente acordo a exposición pública durante un prazo de 10 días, mediante a publicación dun anuncio no BOP co fin de que se formulen as alegacións que se consideren oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións a este, entenderase definitivamente aprobado.”

7.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA BASE 7ª DAS REGULADORAS DO PLAN XXI DE REINVESTIMENTOS DE BAIXAS EN OBRAS MUNICIPAIS 2002 NO SENSO DE ADMITIR EXPRESAMENTE O SISTEMA DE EXECUCIÓN POR ADMINISTRACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“Vista a proposta da Presidencia desta deputación ó pleno provincial con data do 19.04.2002, relativa á modificación da base 7 das reguladoras do Plan XXI de reinvestimento de baixas en obras municipais 2002 no senso de admitir expresamente o sistema de execución por administración.

1º)Modificar a base 7 das reguladoras do Plan XXI de reinvestimento de baixas en obras municipais 2002, que foron aprobadas por acordo plenario do 31 de xaneiro de 2002 e publicadas no BOP núm. 29 co data do 04.02.02, de forma que esta modificación queda reflectida no parágrafo terceiro que se engade ó mencionado precepto para incorporar expresamente a posibilidade de aplicar o sistema de execución por administración, quedando redactado o texto íntegro da base 7 do modo que se indica a seguir:

“Base 7. Contratación das obras e dos equipamentos.

A contratación das obras e dos equipamentos realizarase polos respectivos concellos, antes do 1 de outubro de 2002, agás solicitude de prórroga motivada.

A contratación realizarase conforme ós pregos de condicións da deputación, mediante poxa ou concurso con procedemento aberto, ou mediante procedemento negociado, de acordo co establecido no real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das administracións públicas.

Non obstante tamén se poderá utilizar o sistema de execución directa por administración para as obras que se inclúan neste plan, de conformidade co establecido no artigo 152 da citada lei de contratos das administracións públicas e artigos 174 e seguintes do real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas.

Igualmente, poderá facerse uso da posibilidade contemplada no artigo 56 do real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, onde se regulan os contratos menores, en relación cos artigos 121 e 176 para as obras e as subministracións respectivamente.

As baixas de licitación que se poidan producir, aplicaranse en primeiro lugar a minorar a achega municipal voluntaria, se a houbese. No caso de que non exista achega municipal, ou que o seu importe sexa inferior á baixa producida, as baixas que minoren a achega da deputación poderanse destinar a financiar os investimentos contidos no plan complementario de cada concello.

2.-Someter o presente acordo a exposición pública durante un prazo de 10 días, mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se consideren oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación local.

No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións a este, entenderase definitivamente aprobado.”

8.-APROBACIÓN DO PLAN XXI DE REINVESTIMENTO DE BAIXAS EN OBRAS MUNICIPAIS 2002.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1.-Aprobar o Plan XXI de reinvestimento de baixas en obras municipais 2002, do que as baixas foron aprobadas polo pleno desta deputación o 31 de xaneiro de 2002 e que o texto íntegro foi publicado no BOP núm. 29 do 4 de febreiro de 2002. As cifras globais de financiamento do Plan son as que a seguir se indican, e o seu detalle por concellos e actuacións é o que figura no anexo a este acordo:

Achega provincial	1.185.246,72
Achega municipal	168.522,83
TOTAL	1.353.769,55
Número de concellos	80
Número de actuacións	89

O financiamento da achega provincial realízase con cargo á partida 0501/911B/76299 do vixente orzamento provincial para o ano 2002. A contratación e execución das obras realizarase polos respectivos concellos.

2º.-Dispoñer a exposición pública do Plan mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, entendéndose definitivamente aprobado en caso de non presentarse ningunha.

3º.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación local para os efectos de coordinación establecidos nos arts. 187 e seguintes da lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de administración local de Galicia, debendo considerarse emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde a súa solicitude.

**ANEXO AL EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DEL
PLAN XXI DE REINVERSIÓN DE BAJAS EN OBRAS MUNICIPALES 2002**

CONCELLO	Código de obra	DENOMINACION	DIPUT.	AYTO.	PRTO
AMES	02.3810. 0001. 0.	REPARACIÓN CM. COSTOIA	5.070,77	3.449,82	8.520,59
		TOTAL	5.070,77	3.449,82	8.520,59
ARANGA	02.3810. 0002. 0.	AB. AGUA CARBALLAL Y S. ESTEBAN	31.661,58	0,00	31.661,58
		TOTAL	31.661,58	0,00	31.661,58
ARES	02.3810. 0003. 0.	ACD. C/ZONA PQ. ROSALIA CASTRO	13.716,71	0,00	13.716,71
		TOTAL	13.716,71	0,00	13.716,71
ARTEIXO	02.3810. 0004. 0.	PAV. CM-169 EN STA. LEOCADIA	48.294,83	7.423,51	55.718,34
		TOTAL	48.294,83	7.423,51	55.718,34
A BAÑA	02.3810. 0005. 0.	ADQUISICIÓN FURGONETA	10.426,64	0,00	10.426,64
		TOTAL	10.426,64	0,00	10.426,64
BERGONDO	02.3810. 0006. 0.	SEG. VIAL LC FIOBRE-PEDRIDO	18.402,53	5.810,39	24.212,92
		TOTAL	18.402,53	5.810,39	24.212,92
BETANZOS	02.3810. 0007. 0.	SUM. ELECTRICO PLZ. ENRIQUE IV Y O.	1.639,05	0,00	1.639,05
		TOTAL	1.639,05	0,00	1.639,05
BOIMORTO	02.3810. 0008. 0.	CONSTR. ACERAS CR. MOTA	19.429,35	0,00	19.429,35
		TOTAL	19.429,35	0,00	19.429,35
BOIRO	02.3810. 0009. 0.	CONSTR. ACERAS BOIRO Y GRASO	34.245,28	15.739,93	49.985,21
		TOTAL	34.245,28	15.739,93	49.985,21
BRION	02.3810. 0010. 0.	REP. PISTAS EN ROMARIS	1.339,62	1.025,61	2.365,23
		TOTAL	1.339,62	1.025,61	2.365,23
CABANA	02.3810. 0011. 0.	SUMINISTRO MARQUESINAS Y PAPELERAS	8.714,53	0,00	8.714,53
		TOTAL	8.714,53	0,00	8.714,53
CABANAS	02.3810. 0012. 0.	CONSERV. ACC. CM. CADIVAS-LOUSIDO	2.609,17	4.552,35	7.161,52
		TOTAL	2.609,17	4.552,35	7.161,52
CAMARIÑAS	02.3810. 0013. 0.	PROLONG. PAV. CM. OVAS	2.977,10	0,00	2.977,10
		TOTAL	2.977,10	0,00	2.977,10
CAMBRE	02.3810. 0014. 0.	PAV. CM. CASTROBO-OS CAMPONS	37.840,11	2.569,09	40.409,20
		TOTAL	37.840,11	2.569,09	40.409,20
CAPELA	02.3810. 0015. 0.	MARQUESINA PIEDRA EN O PAZO	1.693,81	0,00	1.693,81
		TOTAL	1.693,81	0,00	1.693,81
CARBALLO	02.3810. 0016. 0.	AF. MEJ. CAPA ROD. CM. PARRQ. RUS	12.365,87	0,00	12.365,87
		TOTAL	12.365,87	0,00	12.365,87
CARNOTA	02.3810. 0017. 0.	PAV. ENTORNO IGREXA DE LIRA	3.343,43	9.563,31	12.906,74
		TOTAL	3.343,43	9.563,31	12.906,74
CARRAL	02.3810. 0018. 0.	SUM. LUMINARIAS PARRQ. CONCELLO	3.008,91	0,00	3.008,91
		TOTAL	3.008,91	0,00	3.008,91

CEDEIRA	02.3810.0019.0.	DOT. ACR. Y ACD. CM. ACEA	18.997,20	0,00	18.997,20
		TOTAL	18.997,20	0,00	18.997,20
CEE	02.3810.0020.0.	ACD. VIALES ACC. SON	21.896,87	6.739,13	28.636,00
		TOTAL	21.896,87	6.739,13	28.636,00
CERCEDA	02.3810.0021.0.	ADQUISICIÓN FURGONETA	69.033,65	0,00	69.033,65
		TOTAL	69.033,65	0,00	69.033,65
CERDIDO	02.3810.0022.0.	AMPL. AB. AGUA A BARQUEIRA	6.720,10	0,00	6.720,10
		TOTAL	6.720,10	0,00	6.720,10
COIROS	02.3810.0023.0.	PAV. ACC. LOUREIROS GRANXA	6.369,36	390,74	6.760,10
		TOTAL	6.369,36	390,74	6.760,10
CORCUBIÓ	02.3810.0024.0.	XERADOR PORTATIL DE CORRENTE	723,46	116,22	839,68
		TOTAL	723,46	116,22	839,68
CORISTANCO	02.3810.0025.0.	AF. CM. PQ. AGUALADA, CEREO Y OCA	49.647,87	0,00	49.647,87
		TOTAL	49.647,87	0,00	49.647,87
CORUÑA, A	02.3810.0026.0.	ALCANTARILLADO LA CABANA	50.613,50	38.425,94	89.039,44
		TOTAL	50.613,50	38.425,94	89.039,44
CULLEREDO	02.3810.0027.0.	CNLZ. LI/AS ELEC.-TELEF. RUA REGUEIRO	16.887,04	0,00	16.887,04
		TOTAL	16.887,04	0,00	16.887,04
CURTIS	02.3810.0028.0.	LIMP. CUNETAS V. MPALES	10.834,23	0,00	10.834,23
		TOTAL	10.834,23	0,00	10.834,23
DODRO	02.3810.0029.0.	DOT. PERSIANAS CASA CONCELLO	5.521,93	0,00	5.521,93
		TOTAL	5.521,93	0,00	5.521,93
DUMBRIA	02.3810.0030.0.	INST. GAS VESTUARIOS CMP. FUTBOL	850,50	0,00	850,50
		TOTAL	850,50	0,00	850,50
FENE	02.3810.0031.0.	SAN. MAGALOFES, XUNQUEIRA Y O.	39.340,26	3.932,61	43.272,87
		TOTAL	39.340,26	3.932,61	43.272,87
FERROL	02.3810.0032.0.	ENTORNO LOCAL AAVV STA. CECILIA	12.578,73	0,00	12.578,73
		TOTAL	12.578,73	0,00	12.578,73
FRADES	02.3810.0033.0.	CONSERV. V.M. SANAMIL-A/A-CELTIGOS..	3.924,05	0,00	3.924,05
		TOTAL	3.924,05	0,00	3.924,05
IRIXOA	02.3810.0034.0.	ACOND. CMNOS. EN AMBROA	2.176,31	0,00	2.176,31
		TOTAL	2.176,31	0,00	2.176,31
LARACHA	02.3810.0035.0.	PAVIMENTACIÓN CALLES EN TORAS	29.175,68	12.088,28	41.263,96
		TOTAL	29.175,68	12.088,28	41.263,96
LOUSAME	02.3810.0036.0.	PUNTOS LUZ V. MPALES	7.120,10	0,00	7.120,10
	02.3810.0037.0.	ADQUIS. VEHICULO TODOTERRENO	8.168,81	0,00	8.168,81
		TOTAL	15.288,91	0,00	15.288,91
MALPICA	02.3810.0038.0.	PAV. DE ACCESO A ATALAIA	2.894,65	87,01	2.981,66
		TOTAL	2.894,65	87,01	2.981,66
MAZARICOS	02.3810.0039.0.	AMPL. SAN. POLDVO. Y C. PROT. CIV.	3.122,00	0,00	3.122,00
		TOTAL	3.122,00	0,00	3.122,00
MELIDE	02.3810.0040.0.	SE/ALIZACIÓN CARTELES INFORMATIVOS	6.543,58	0,00	6.543,58
		TOTAL	6.543,58	0,00	6.543,58
MESIA	02.3810.0041.0.	MEJORA EDIFICIO SERVICIOS AUXILIARES	9.919,42	0,00	9.919,42
		TOTAL	9.919,42	0,00	9.919,42
MIÑO	02.3810.0042.0.	PAV. PLAZA EN BEMANTES	7.756,06	2.444,96	10.201,02
		TOTAL	7.756,06	2.444,96	10.201,02
MONFERO	02.3810.0043.0.	ADQUISICIÓN MOTOSIERRA	730,06	0,00	730,06
		TOTAL	730,06	0,00	730,06

MUGARDOS	02.3810.0044.0.	REP. SERV. PAV. RUA DA PAZ 2-F	23.760,36	4.379,53	28.139,89
		TOTAL	23.760,36	4.379,53	28.139,89
MUXIA	02.3810.0045.0.	ACD. ACC. CASA MONTE-S.MART/IO OZON	20.483,88	0,00	20.483,88
	02.3810.0046.0.	ACD. ACC. TRV. BALTAR-FUM/EO	24.252,56	0,00	24.252,56
	02.3810.0047.0.	SUM. MARQUESINAS E SINAIS	11.464,63	0,00	11.464,63
		TOTAL	56.201,07	0,00	56.201,07
NARON	02.3810.0048.0.	ASFALTADO SALGUEIRAL-SEDES	10.127,10	1.350,93	11.478,03
		TOTAL	10.127,10	1.350,93	11.478,03
NEDA	02.3810.0049.0.	MEJORA ACCESO A O COTO	14.883,93	9.708,42	24.592,35
		TOTAL	14.883,93	9.708,42	24.592,35
NEGREIRA	02.3810.0050.0.	DEPOSITO DE AGUA EN TUÑAS	3.579,77	0,00	3.579,77
		TOTAL	3.579,77	0,00	3.579,77
NOIA	02.3810.0051.0.	ADC. PLAZA C/ORENSE	5.928,15	0,00	5.928,15
		TOTAL	5.928,15	0,00	5.928,15
OLEIROS	02.3810.0052.0.	ACD. BAIXO C.CULT. MONTROVE	21.480,10	0,00	21.480,10
	02.3810.0053.0.	HAB. BAIXO ACT.NAUT. PASEO MARIT.2-F	6.841,99	0,00	6.841,99
		TOTAL	28.322,09	0,00	28.322,09
ORDES	02.3810.0054.0.	CONSERV. CMNOS. PQ. LEIRA	15.512,50	0,00	15.512,50
		TOTAL	15.512,50	0,00	15.512,50
OROSO	02.3810.0055.0.	ACC. A ZANCADA	8.183,80	0,00	8.183,80
		TOTAL	8.183,80	0,00	8.183,80
ORTIGUEIRA	02.3810.0056.0.	REBACH. PQ. SAN SALVADOR Y O.	29.136,31	0,00	29.136,31
		TOTAL	29.136,31	0,00	29.136,31
OUTES	02.3810.0057.0.	PAV. CM. CRISTO-CUR/IA (S.COSME)	9.391,91	0,00	9.391,91
		TOTAL	9.391,91	0,00	9.391,91
PADERNE	02.3810.0058.0.	PAV. CM. PAQ. OBRE Y ADRAGONTE	7.212,27	0,00	7.212,27
		TOTAL	7.212,27	0,00	7.212,27
PADRÓN	02.3810.0059.0.	DEPURADORA EN PICARA/A	10.387,36	7.647,65	18.035,01
		TOTAL	10.387,36	7.647,65	18.035,01
PONTECESO	02.3810.0060.0.	DISPOSITIVO SUXECCIÓN COLEC. 1000 L.	1.167,82	0,00	1.167,82
		TOTAL	1.167,82	0,00	1.167,82
PONTEDEUME	02.3810.0061.0.	AL. PUBL. ANDAHI0-A ARBOSA Y O.	10.557,54	0,00	10.557,54
	02.3810.0062.0.	ENSANCH. PAV. CM. O CASTRO	11.572,24	40,78	11.613,02
		TOTAL	22.129,78	40,78	22.170,56
AS PONTES	02.3810.0063.0.	ALC. DA MOURELA 2-F	18.925,05	0,00	18.925,05
		TOTAL	18.925,05	0,00	18.925,05
PORTO DO SON	02.3810.0064.0.	INSTALACIÓN PAPELERAS	3.031,97	0,00	3.031,97
		TOTAL	3.031,97	0,00	3.031,97
RIANXO	02.3810.0065.0.	INST. PARQUE INFANTIL PARQUE GALICIA	23.558,86	0,00	23.558,86
		TOTAL	23.558,86	0,00	23.558,86
RIBEIRA	02.3810.0066.0.	AL. PUBL. AFIEITEIRA-POI	19.634,75	2.631,09	22.265,84
		TOTAL	19.634,75	2.631,09	22.265,84
SADA	02.3810.0067.0.	ACD. CM. ALBORELLE-SO/EIRO	19.675,66	0,00	19.675,66
	02.3810.0068.0.	ACD. CM. URB. ALBORELLE	9.168,65	0,00	9.168,65
	02.3810.0069.0.	ACD. CM. A VALEXA-VEIGUE	7.985,58	0,00	7.985,58
		TOTAL	36.829,89	0,00	36.829,89

SAN SADURNIÑO	02.3810.0070.0.	PAV. CM. DUQUESA CONQUISTA		3.740,92	0,00
			TOTAL	3.740,92	0,00
STA. COMBA	02.3810.0071.0.	REP. PUENTE-TAJEA BARBEIRA		1.704,86	0,00
			TOTAL	1.704,86	0,00
SANTIAGO	02.3810.0072.0.	REF. FIRME C/FERVENZA		16.295,28	18.610,95
			TOTAL	16.295,28	18.610,95
SANTISO	02.3810.0073.0.	CM. PORTODIS Y O.		19.310,57	0,00
			TOTAL	19.310,57	0,00
SOBRADO	02.3810.0074.0.	CONSTR. MURO ACR. LAGUNA		7.826,79	0,00
			TOTAL	7.826,79	0,00
SOMOZAS	02.3810.0075.0.	SUM. LOTE 1:TRACTOR Y O.		7.737,12	0,00
	02.3810.0076.0.	SUM. LOTE 2: ASPIRADOR Y O.		6.056,46	0,00
			TOTAL	13.793,58	0,00
TEO	02.3810.0077.0.	SAN. EN IGLESIA (CALO)		4.094,20	0,00
			TOTAL	4.094,20	0,00
TOQUES	02.3810.0078.0.	MEJ. CAPA ROD. ACC. BARRIGAS		3.247,89	0,00
			TOTAL	3.247,89	0,00
TORDOIA	02.3810.0079.0.	PAV. CM. ABRES		8.163,67	0,00
			TOTAL	8.163,67	0,00
TOURO	02.3810.0080.0.	PAV. CAMPO DA FESTA 1-F (FAO)		3.158,07	0,00
			TOTAL	3.158,07	0,00
TRAZO	02.3810.0081.0.	AL. PUBL. CEMENTERIOS Y O.		4.069,71	8.749,04
			TOTAL	4.069,71	8.749,04
VALDOVIÑO	02.3810.0082.0.	TERMINACIÓN CIMENT. DEP. CAMELEIRO		13.904,71	0,00
			TOTAL	13.904,71	0,00
VAL DO DUBRA	02.3810.0083.0.	PAV. CM. CAMPO FUTBOL-CR. DIPUT.		5.708,88	0,00
			TOTAL	5.708,88	0,00
VEDRA	02.3810.0084.0.	ACD. ENTORNO LOCAL SOCIAL (SARAN:)		9.142,31	0,00
			TOTAL	9.142,31	0,00
VILASANTAR	02.3810.0085.0.	REP. AL. PUBL. EN LA FABRICA		18.165,64	0,01
			TOTAL	18.165,64	0,01
VILARMAIOR	02.3810.0086.0.	REP. PISTA ARNELAS Y CNLZ.		3.601,40	1.045,53
			TOTAL	3.601,40	1.045,53
ZAS	02.3810.0087.0.	CM. PARRQ. BRANDOMIL Y ALLO		8.407,41	0,00
			TOTAL	8.407,41	0,00
CARIÑO	02.3810.0088.0.	PAV. V.MPALES. CARI/O-SISMUNDI		27.705,19	0,00
	02.3810.0089.0.	SUM. MARQUESINAS		16.976,19	0,00
			TOTAL	44.681,38	0,00
TOTAL ACUMULADO				1.185.246,72	168.522,83

Nº de Ayuntamientos

Nº de obras

9.-APROBACIÓN DA DELEGACIÓN NOS RESPECTIVOS CONCELLOS DA CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NAS ANUALIDADES 1997-1998-1999 DO PLAN 2000 DE INFRAESTRUCTURAS DO QUE A CONTRATACIÓN CORRESPONDÍA INICIALMENTE Á DEPUTACIÓN E QUE SE ENCONTREN PENDENTES DE CONTRATAR.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“Vista a moción con data do 22 de abril de 2002 da Presidencia ó Pleno da deputación sobre a delegación nos respectivos concellos da contratación e execución dos investimentos incluídos nas anualidades 1997-1998-1999 do Plan 2000 de infraestructuras, do que a contratación lle correspondía inicialmente á deputación e que se encontren pendentes de contratar.

Vistos os escritos remitidos polos concellos onde anticipan a súa intención de prestar conformidade á citada delegación nos respectivos concellos da contratación e execución de investimentos.

1.-Delegar nos respectivos concellos a contratación e execución dos investimentos incluídos nas anualidades 1997-1998-1999 do Plan 2000 de infraestructuras, do que a contratación lle correspondía inicialmente á deputación e que se encontren pendentes de contratar.

O presente acordo afecta en primeiro lugar a aqueles concellos que manifestaron a súa conformidade á proposta de delegación da contratación e execución dos investimentos das anualidades 1997-1998-1999 que se encontran actualmente pendentes de adxudicar pola deputación, e do que a relación é a que a seguir se indica, poñendo de manifesto que varias son plurianuais e nalgúns casos esténdense ata as anualidades 2000-2001:

Concello	Denominación	Código	Orzamento	Total plurianuais
Ares	Pavillón central centro cultural Aresana	99.3400.1023.0	71.610,86	
Carballo	Travesía parroquia de Razo Pl	98.3400.0321.0	64.877,56	
		99.3400.0321.0	45.053,85	
		00.3400.0321.0	37.845,23	
		01.3400.0321.0	32.438,77	180.215,41
Dodro	Terminación prazas públicas Dodro	98.3400.0396.1	60.903,33	

Irixoa	Capt. depuración na Viña	99.3400.1167.0	30.050,61	
Mazaricos	Mercado municipal	98.3400.0453.0	240.404,84	
Monfero	Local social San Bartolomé	99.3400.1249.0	27.045,54	
	Local social Taboada	99.3400.1250.0	27.045,54	
Oleiros	Cemiterio de Dorneda Pl.	99.3400.1284.0	212.037,07	
		00.3400.1284.0	146.767,16	358.804,23
O Pino	Casa da cultura en Arca Pl.	98.3400.0569.1	125.838,76	
		99.3400.0569.0	110.886,73	236.725,49
Rois	San. en Angueira e Castro	98.3400.0608.1	17.474,36	
Vedra	A. campo futbol Sta. Cruz de Ribadulla	98.3400.0722.0	36.060,73	
		99.3400.1442.0	48.080,97	
	Casa da cultura San Xulián Pl.	00.3400.1442.0	60.101,21	
		01.3400.1442.0	31.012,22	139.194,4
Vilarmaior	Marquesiñas	99.3400.1452.0	4.808,1	
Zas	Acd. arredores ponte romana Brandomil Pl.	98.3400.0740.0	42.551,66	
		99.3400.0740.0	29.569,8	72.121,46
		TOTAL	1.502.464,9	

A obra do Concello de Cariño que a seguir se indica continuará sendo contratada pola deputación ó non prestar o citado concello conformidade á delegación proposta.

Concello	Denominación	Código	Orzamento	Total plurianuais
Cariño	Urbz. acceso campo de futbol Pl.	98.3400.0742.0	62.072,29	
		99.3400.0742.0	43.450,61	
		00.3400.0742.0	37.243,38	142.766,28
		TOTAL	142.766,28	

En segundo lugar poderá afectar a aqueles investimentos que están actualmente adxudicadas pola deputación e do que o contrato puidera resolverse nun futuro, de modo que trala realización dos trámites administrativos e orzamentarios necesarios, poidan ser contratadas e executadas polos respectivos concellos.

2.-Condicionar o presente acordo á entrada en vigor do expediente de créditos no que se inclúe crédito suficiente na partida 0501/519Z/76287 do Plan 2000 de infraestructuras, obras contratadas polos concellos.

3.-Igualmente o presente acordo deberá quedar condicionado á aceptación expresa mediante acordo plenario dos concellos afectados, da contratación e execución dos seus investimentos.”

10.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA DO CONCELLO DE OLEIROS “CEMITERIO EN DORNEDA, PL.” INCLUÍDA NO PLAN 2000 INFRAESTRUCTURAS ANUALIDADES 1999 E 2000. CÓDIGO 99.3400.1284.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“Vista a solicitude formulada polo Concello de Oleiros relativa á aprobación da modificación de proxecto da obra que máis abaixo se indica incluída no Plan 2000 de infraestructuras, anualidades 1999 e 2000, 1ª fase que foi aprobada o día 30 de outubro de 1998.

1º.-Aprobar a modificación do proxecto para executar a obra que a seguir se relaciona, cun orzamento financiado integramente pola deputación, que non varía.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>		<u>Ano 1999</u>	<u>Ano 2000</u>	<u>Orzamento</u>
99.3400.1284.0	Oleiros	Cemiterio en Dorneda Pl.	en €	212.037,07	146.767,16	358.804,23
			en ptas.	35.280.000	24.420.000	59.700.000

2º.-O presente acordo queda condicionado á aprobación da delegación nos respectivos concellos da contratación e execución dos investimentos incluídos nas anualidades 1997, 1998 e 1999 do Plan 2000 de infraestructuras do que a contratación lle correspondía inicialmente á deputación e que se encontren pendentes de contratar, dado que esta obra está afectada polo dito acordo de delegación.

3º.-Igualmente o presente acordo queda condicionado á aprobación do expediente de modificación de créditos no que se inclúe na partida 0501/519Z/76287 do Plan 2000 de infraestructuras. Obras contratadas polos concellos, crédito suficiente para o financiamento das obras obxecto de delegación, entre as que se inclúe a presente obra.”

11.-APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN XXI DE REINVESTIMENTO DE BAIXAS DO POS EN OBRAS MUNICIPAIS 2002.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1º.-Aprobar as bases reguladoras do Plan XXI de reinvestimento de baixas do POS en obras municipais 2002 co texto que figura no anexo que se achega.

2º.-Dispor a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, considerándose definitivamente aprobadas en caso de non se presentar alegación ningunha.”

BASES REGULADORAS DO PLAN XXI DE REINVESTIMENTO DE BAIXAS DO POS EN OBRAS MUNICIPAIS 2002.

1.-DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente Plan XXI de reinvestimento de baixas do POS en obras municipais 2002 é un plan anual da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio de 2002, que se financia cunha achega provincial por importe de 1.357.126,49 euros, da aplicación 0501/911B/76299 do orzamento provincial para o ano 2002, e polas achegas municipais voluntarias dos concellos que é posible realizar para completar o financiamento das actuacións que se van incluír.

2.-FINALIDADE E OBXECTO.

A finalidade deste plan é a de reinvestir, nos respectivos concellos, as baixas de licitación producidas na adxudicación das obras incluídas no POS 2000 e POS 2001, daqueles concellos ós que se lles incluíron obras nos respectivos plans adicionais aprobadas, dado que como consecuencia da integración do antigo Plan 2000 de infraestructuras 2000 e 2002 no POS de cada ano, o importe investido nos plans adicionais minorara a asignación de fondos realizada a cada un dos concellos no cómputo total.

O obxectivo básico do plan é a realización de actuacións asociadas ás competencias municipais previstas nos artigos 25 e 26 da lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e poderá concretarse na execución de obras, xa sexan de investimento ou de conservación, ou na adquisición de subministracións de bens inventariables. O orzamento mínimo das actuacións que van solicitar os concellos para a súa inclusión no plan fíxase en 6.000,00 euros, excepto que a cantidade asignada ó concello sexa menor, nese caso o seu orzamento poderá axustarse á cantidade asignada.

3.-DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son os concellos da provincia da Coruña que tiveron baixas de licitación que afectaban á achega do Estado + Deputación no POS 2000 e POS 2001, e que tiveron obras incluídas no POS adicional 1/2000 e POS adicional 1/2001.

4.-FINANCIAMENTO

Para o financiamento deste plan anual do exercicio 2002, a deputación destina unha achega provincial total por importe de 1.357.126,49 euros. A cada concello asígnaselle unha cantidade concreta, que se obterá mediante a suma das baixas de licitación producidas nas achegas do Estado + Deputación nas obras incluídas nos Plans POS 2000 e POS 2001.

Non obstante, os concellos que así o desexen poderán realizar achegas municipais voluntarias para completar o financiamento das actuacións solicitadas. Neste caso, o concello deberá adoptar o compromiso de incluír no orzamento municipal crédito suficiente para o seu financiamento.

5.-FORMA E PRAZO DE SOLICITUDE

Os concellos que desexen participar neste plan deberán presentar no Rexistro Xeral da deputación, ou nas formas previstas no art. 38 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ata o 28 de xuño de 2002 incluído, a seguinte documentación:

5.1.-Certificación de acordo plenario municipal.

Certificación do acordo plenario municipal de participación no presente plan, conforme ó modelo que figura como Anexo I, no que se acepten expresamente as bases e se relacionen por orde de prioridade as actuacións que se solicitan, con indicación da súa denominación e orzamento, e no que se preste aprobación, no seu caso, ó proxecto da obra ou prescricións técnicas do equipamento.

Así mesmo, deberá facerse constar neste acordo o plan financeiro relativo a cada unha das actuacións solicitadas, de forma que se detalle o importe que se financia con cargo á achega provincial asignada (ata o límite da cantidade total asignada a cada concello) e, no seu caso, a que se realiza con cargo á achega municipal voluntaria. En caso de realizárense achegas municipais voluntarias, no mesmo acordo deberá adoptarse o compromiso de incluír no orzamento municipal crédito suficiente para o seu financiamento.

Igualmente, no dito acordo farase constar expresamente que o concello conta cos terreos necesarios para a execución das obras, e que no suposto de que se soliciten actuacións en bens patrimoniais ou de dominio público que estean sometidos a autorizacións ou concesións

administrativas, o concello comprométese á súa obtención con carácter previo á licitación da obra.

5.1.-Documentación descritiva das obras e equipamentos.

O orzamento mínimo das actuacións que van solicitar os concellos para a súa inclusión no plan fíxase en 6.000,00 euros, a menos que a cantidade asignada ó concello sexa menos, nese caso o orzamento poderá axustarse á cantidade asignada.

5.2.a) Para as obras.

Proxectos técnicos por duplicado exemplar, co contido establecido no artigo 124 do real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das administracións públicas.

Non obstante, nos supostos previstos no artigo 124.2, do citado real decreto lexislativo 2/2000, poderanse simplificar, refundir ou incluso suprimir algúns dos documentos contemplados no artigo 124.1 aplicándose o establecido en relación co contido mínimo dos proxectos, no artigo 126 do real decreto 1098/2001 do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en virtude do cal, os proxectos a que se refire o artigo 124.2 da Lei deberán conter, como requisitos mínimos, un documento que defina con precisión as obras e as súas características técnicas, e un orzamento con expresión dos prezos unitarios e descompostos.

5.2.b) Para os equipamentos

Prego de prescricións técnicas onde se detallan as distintas unidades do seu contido coas súas características técnicas, a súa cuantificación e o seu prezo unitario.

6.-APROBACIÓN DO PLAN

Unha vez rematado o prazo antes indicado para a presentación de solicitudes de participación no Plan, comprobarase que se axustan ó establecido nestas bases, especialmente no relativo ó seu obxecto, financiamento e documentación presentada.

No caso de presentar algunha carencia ou deficiencia, concederáselle ó concello o prazo de 10 días para a súa reparación previsto no artigo 71 da lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O pleno da deputación presentará aprobación ó plan, onde se conterá a relación das actuacións que se han realizar nos concellos da provincia que nel se inclúan. Neste acordo

aprobarase que a contratación e execución das actuacións se realice polos respectivos concellos.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para que nun prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións que consideren oportunas, e será remitido para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación local, para os efectos establecidos no artigo 112 e concordantes da lei 5/1997 de administración local de Galicia. Transcorridos os 10 días de exposición pública e desde a solicitude de informe sen que se presentasen alegacións, o plan quedará definitivamente aprobado.

7.-CONTRATACIÓN DAS OBRAS E DOS EQUIPAMENTOS.

A contratación das obras e dos equipamentos realizarase polos respectivos concellos, ata o 30 de novembro de 2002, agás solicitude de prórroga motivada.

A contratación realizarase conforme ós pregos de condicións da deputación mediante poxa ou concurso con procedemento aberto, ou mediante procedemento negociado, de acordo co establecido no real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das administracións públicas.

Non obstante tamén se poderá utilizar o sistema de execución directa por administración para as obras que se inclúan neste plan, de conformidade co establecido no artigo 152 da citada lei de contratos das administracións públicas e artigos 174 e seguintes do real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas.

Igualmente, poderá facerse uso da posibilidade contemplada no artigo 56 do real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, onde se regulan os contratos menores, en relación cos artigos 121 e 176 para as obras e as subministracións respectivamente.

As baixas de licitación que se poidan producir aplicaranse en primeiro lugar a minorar a achega municipal voluntaria, se a houber. No caso de que non exista achega municipal, ou que o seu importe sexa inferior á baixa producida, as baixas que minoren a achega da deputación poderanse destinar a financiar os investimentos contidos no plan complementario de cada concello.

8.-EXECUCIÓN DO PLAN

As obras ou equipamentos executaranse polos respectivos concellos conforme ó proxecto de obras ou prescricións técnicas da subministración presentadas coa solicitude e aprobadas co plan.

As actuacións incluídas no presente plan deberán estar rematadas e xustificadas antes do 30 de novembro de 2003. Non obstante, este prazo poderá ser obxecto e ampliación, a solicitude dos respectivos concellos.

9.-PAGAMENTO DA ACHEGA PROVINCIAL

A xustificación da execución das obras e equipamentos incluídos no plan, efectuarase polos respectivos concellos, presentando, por triplicado exemplar, certificación da súa execución, ou no seu caso factura á que se lle teña prestado conformidade polo concello, debendo constar en ambos casos a aprobación polo concello.

A deputación transferirá ó concello o importe correspondente á achega provincial ás actuacións realizadas, trala verificación previa da adecuación das certificacións ou facturas á documentación técnica aprobada no Plan.

10.-INTERPRETACIÓN

A interpretación e resolución das dúbidas que se puidesen presentar serán resoltas polo presidente da deputación, tralo informe previo da Secretaría e Intervención.

ANEXO I

MODELO DE ACORDO PLENARIO

Don/dona _____ Secretario/a do Concello de _____ :

CERTIFICA

Que o pleno do concello en sesión celebrada o _____ adoptou entre outros o seguinte acordo:

1º.-"Participar no PLAN XXI DE REINVESTIMENTO DE BAIXAS DO POS EN OBRAS MUNICIPAIS 2002 da Excma. Deputación Provincial da Coruña, cunhas bases que se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a realización das seguintes actuacións:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	ACHEGA PROVINCIAL	ACHEGA MUNICIPAL
1-			
2-			
3-			
4-			
5-			
TOTAL			

2º.-Aprobar, no seu caso, os correspondentes proxectos técnicos das obras ou o prego de prescricións técnicas da subministración dos investimentos previstos no apartado I.

3º.-Declarar que o concello conta cos terreos necesarios para a execución das obras, e que no suposto de que se soliciten actuacións en bens patrimoniais ou de dominio público que estean sometidos a autorizacións ou concesións administrativas, o concello comprométese á súa obtención con carácter previo á licitación da obra.

4º.- (Só no suposto de que exista unha achega municipal voluntaria).

Para financiar o importe da achega municipal con cargo ós propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente crédito suficiente para o seu financiamento.

5º.-Facultar ó alcalde-presidente para a execución de todo o relacionado co presente acordo."

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente, e coa excepción establecida no artigo 206 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en _____ a _____ de _____ de 2002.

Vº e pr.

12.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA REALIZAR A OBRA “VARIANTE DE ACCESO Ó POLÍGONO OS AIRIOS”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación da Coruña e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda cunha achega provincial de 71.193,03 euros e unha achega da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda de 649.120,79 euros.

Documento RC nº 9.149 con data do 11.12.01, por importe de 11.846.355.- ptas. e con imputación á aplicación orzamentaria 0202/511B/60001.

O citado documento RC foi incorporado ó exercicio 2002 co nº de rexistro 775 con data do 28.02.02 con imputación á mesma aplicación orzamentaria (0202/511B/60001) por importe de 71.198,03 euros.”

13.-APOIO Á SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DA TORRE DE HÉRCULES COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE.

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Brevemente, Sr. Presidente, e unificando, por razóns que supoño que todo o mundo entende, o punto 13 e o 14, para adiantar, primeiro, o noso voto favorable ás dúas propostas de adhesión á declaración, por un lado, da Torre de Hércules, e por outro lado do conxunto dos castelos de San Felipe, A Palma e o Arsenal Militar, como patrimonio da humanidade . De todas maneiras queríamos dicir que nos tería gustado que a proposta fose, xa sabemos que non lle compete a esta deputación a declaración pero é evidente que se están producindo, polo menos nun dos casos, onde se leva xa gran parte do camiño andado, como é a declaración dos dous castelos e do Arsenal Militar na ría de Ferrol, como ben se sabe xa cun acordo unánime por parte do Parlamento galego hai escasamente un mes; teríamos gustado que o expediente que se trae fose un expediente moito máis completo porque, a verdade, entendemos que resulta bastante frouxo, parece que o único que queremos facer é apoiar e respaldar, pero a nós o que nos tería gustado é, primeiro que se

conformase un expediente un pouco máis amplo, con tódolos datos que figuran, que ademais eu penso que esta deputación ten capacidade e persoas que poderían facelo perfectamente, e despois en segundo lugar, mirar tamén de que forma podemos nós intervir, podemos actuar institucionalmente para conseguir, e eu aquí é onde vou directamente, que o listado inicial, a lista indicativa que ten neste momento o Estado español na que non figuran aínda nin a Torre de Hércules nin o conxunto dos castelos e o Arsenal militar, se modifiquen. Entón, animamos a que, dentro do acordo que se vai tomar, se esprema, e enténdaseme coa mellor das intencións, se espreman as iniciativas que esta deputación poida adoptar no sentido de procurar que ese listado inicial que figura, onde non están estas dúas propostas, se poida abrir para que a realidade de asunción desas dúas propostas sexa o máis pronto posible, é dicir, xa sabemos que estes son procesos que levan moitísimo tempo, aí está o caso das murallas de Lugo.

Polo tanto, xa digo, con esa pequena crítica, pero dentro da cordialidade, á lixeireza, digamos, ou ó pouco avultado do dossier, ou dos antecedentes, e nesa demanda de que fagamos, á parte de alegrarnos, e á parte de solicitalo, que onde poidamos e con quen poidamos que procuremos, naturalmente, que ese cambio nesa lista inicial onde non están esas dúas propostas, se poida facer, e isto poida ser unha realidade para que, e xa remato, nos alumee a Torre de Hércules e nos protexan os castelos.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“Amosar a adhesión da Corporación á solicitude de declaración da Torre de Hércules como patrimonio da humanidade.”

(Sae o Sr. Mosquera Maceiras).

14.-APOIO Á SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DOS CASTELOS DE SAN FELIPE E A PALMA E O ARSENAL DE FERROL COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“Amosar a adhesión da Corporación á solicitude de declaración dos Castelos de San Felipe e A Palma e o Arsenal de Ferrol como patrimonio da humanidade.”

Sr. Presidente

Aprobado por unanimidade este punto número 14, teño que expresar que un momento antes de empezar este Pleno chamoume o Sr. Alcalde de Ferrol amosando a súa satisfacción e de toda a corporación dese concello, por este apoio institucional da deputación á declaración de patrimonio da humanidade dos castelos de San Felipe e A Palma e o Arsenal de Ferrol.

15.- APROBACIÓN DOS PROXECTOS REFORMADOS DAS OBRAS “CUBRICIÓN PISTA POLIDEPORTIVA OS REGOS”, E “CUBRICIÓN PISTA POLIDEPORTIVA EN NOS” DO CONCELLO DE OLEIROS, INCLUÍDO NO POS 2001 COS CÓDIGOS 01.2100.0264.0 E 01.2100.0265.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1º.- Aprobar os proxectos reformados das obras "Cubrición pista polideportiva Os Regos" e "Cubrición pista polideportiva en Nós" do Concello de Oleiros, incluídas no POS 2001 cos códigos: 01.2100.0264.0. e 01.2100.0265.0 respectivamente. Os proxectos reformados implican un incremento no orzamento tal e como se indica, que é financiado integramente polo Concello, permanecendo invariables as achegas da Deputación e do Estado.

			<u>PROXECTO INICIAL</u>	<u>PROXECTO MODIFICADO</u>	<u>DIFERENCIA</u>
01.2100.0264.0	Cubrición pista polideportiva Os Regos	Presuposto de contrata en euros	204.188,74	272.152,19	67.963,45
		Presuposto de contrata pesetas	33.974.147	45.282.313	11.308.166
01.2100.0265.0	Cubrición pista polideportiva en Nós	Presuposto de contrata en euros	166.857,25	178.428,79	11.571,54
		Presuposto de contrata pesetas	27.762.710	29.688.051	1.925.341

01.2100.0264.0				Cubrición pista polideportiva Os Regos		
	<u>Proxecto inicial</u>	<u>Proxecto Reformado</u>	<u>Diferencia</u>			
Deputación f.p.	128.279,3	128.279,3	0			
Estado	27.721,31	27.721,31	0			
Concello	48.188,13	116.151,58	67.963,45			
TOTAL	204.188,74	272.152,19	67.963,45			

01.2100.0265.0				Cubrición pista polideportiva en Nós		
	<u>Proxecto inicial</u>	<u>Proxecto Reformado</u>	<u>Diferencia</u>			

Deputación f.p.	97.669,73	97.669,73	0
Estado	21.106,55	21.106,55	0
Concello	48.080,97	59.652,51	11.571,54
TOTAL	166.857,25	178.428,79	11.571,54

2º.- Dispoñer a súa publicación no B.O.P. para os efectos de que durante 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas, considerándose definitivamente aprobado unha vez transcorrido o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación

3º.- Remitir o expediente a informe do Subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no artº 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado, debéndose entender emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a recepción da súa solicitude.

4º.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días dende a súa recepción.

5º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación local para que emitan informe ó respecto considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días dende a súa recepción.”

16.-TERCEIRA RELACIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN DE FOMENTO DO TURISMO DE NATUREZA.

INTERVENCIONS

Sra. Vázquez Veras

Para deixar constancia da abstención nos puntos 16 e 17, referidos os dous á terceira e cuarta relación de investimentos do Plan de fomento do turismo da natureza, consonte coa posición que sempre mantivo o grupo provincial do BNG de abstermos naquelas relacións en concreto cando houbo unha posición contraria ás bases que rexen estes plans.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (14 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado
 Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar a terceira relación de obras, subministracións e servicios do Plan XXI para o fomento do turismo na provincia da Coruña. Os investimentos e subministracións desta relación que se ha contratar en cada concello quedan establecidos nos termos incorporados no presente acordo.

Código	Concello/obra	Orzto. total
01.4300.0100.0	CULLEREDO ADECUACIÓN PEATONAL ATRIO IGREXA DA TORRE DE CELAS E SINALIZACIÓN	Concello: 86.292,42 euro Dep. fondos propios: 15.724,57 euro Dip. préstamo: 22.275,84 euro Total 124.292,83 euro
01.4300.0101.0	LOUSAME AREAS RECREATIVAS EN SAN MAMEDE, BRANDIA E MERELLE	Concello: Dep. fondos propios: 12.969,64 euro Dep. préstamo: 18.373,14 euro Total 31.342,78 euro
01.4300.0102.0	RIVEIRA MELLORA DOS ACCESOS Á PRAIA DA LADEIRA (CORRUBEDO)	Concello: 736,22 euro Dep. fondos propios: 5.776,48 euro Dep. préstamo: 6.250,12 euro Total 12.762,82 euro
01.4300.0103.0	RIVEIRA INSTALACIÓN DE COLECTORES E DE PAPELEIRAS EN DIVERSAS PRAIAS DO MUNICIPIO	Concello: Dep. fondos propios: 12.393,93 euro Dep. préstamo: 17.557,85 euro Total 29.951,78 euro
01.4300.0104.0	RIVEIRA INSTALACIÓN DE MESAS E BARBACOAS DE GRANITO NA ÁREA DE OCIO DO MONTE COUSO (AGUIÑO)	Concello: Dep. fondos propios: 3.447,81 euro Dep. préstamo: 5.057,87 euro Total 8.505,68 euro
01.4300.0105.0	RIVEIRA SINALIZACIÓN DE ESPACIOS DE INTERESE TURÍSTICO	Concello: Dep. fondos propios: 2.157,39 euro Dep. préstamo: 3.163,00 euro Total 5.320,39 euro
01.4300.0106.0	RIVEIRA INSTALACIÓN DE DUCHAS NA PRAIA DE COROSO	Concello: Dep. fondos propios: 1.189,14 euro Dep. préstamo: 2.601,26 euro Total 3.790,40 euro

01.4300.0107.0	RIVEIRA INSTALACIÓN DE MESAS E BARBACOAS DE GRANITO NA ÁREA DE OCIO DE LAXE DA GATA	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: Total	5.291,76 euro 7.991,12 euro 13.282,88 euro
01.4300.0108.0	RIVEIRA INSTALACIÓN DE MESAS E BARBACOAS DE GRANITO NA ÁREA DE OCIO DE ESPIÑEIRIDO (OLVEIRA)	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: Total	5.546,37 euro 8.086,27 euro 13.632,64 euro
01.4300.0109.0	RIVEIRA REPARACIÓN E PINTURA DA BALAUSTRADA DO PASEO MARÍTIMO (RIVEIRA)	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: Total	3.536,47 euro 5.021,45 euro 8.557,92 euro
01.4300.0110.0	SANTA COMBA ACCESOS Á ZONA RECREATIVA DE BALSA E EQUIPAMENTO ÁREA DE OCIO EN BUSTO	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: Total	12.136,89 euro 17.193,44 euro 29.330,33 euro
01.4300.0111.0	SANTA COMBA EQUIPAMENTO DA ÁREA RECREATIVA DE RUBIN.	Concello. Dep. fondos propios: Dep. préstamo: Total	12.910,52 euro 18.289,39 euro 31.199,91 euro
01.4300.0112.0	SANTISO AREAS DE OCIO DE VISANTOÑA E ARCEDIAGO	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: Total	17.302,91 euro 24.511,77 euro 41.814,68 euro
01.4300.0113.0	VAL DO DUBRA CONSTRUCCIÓN DE EMBARCADOIRO EN RODAS (PORTOMOIRO)	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: Total	12.267,52 euro 17.378,49 euro 29.646,01 euro
	TOTAIS	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: Total:	87.028,64 euro 122.651,40 euro 173.751,01 euro 383.431,05 euro

Programa	Oztos	Achega Deputación	Achega Concello
Obras /subministracións	383.431,05	296.402,41	87.028,64

2.-O financiamento das obras e subministracións incorporadas nesta terceira relación de investimentos do plan quedaría establecida nos termos que figuran na presente proposta: orzamento total 383.431,05 euros, dos cales a deputación financiará 296.401,41 euros con cargo á partida orzamentaria 0305/751.A/762.99 e 87.028,64 euros que serán financiados polos concellos integrados nesta terceira relación de investimentos do plan.

3.-A contratación das obras e subministracións, consonte co establecido nas bases de convocatoria do plan, delégase nos concellos respectivos conforme ós seguintes criterios:

"1.- As obras contrataranas os respectivos concellos utilizando os pregos tipo das cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente pola deputación. O concello deberá cubrir en cada un dos expedientes o correspondente cadro de características do contrato.

2.- As obras adxudicaranse mediante poxa, ou concurso con procedemento aberto. Poderán adxudicarse mediante procedemento negociado naqueles supostos e cos requisitos establecidos na Lei de contratos das Administracións públicas. Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia Administración consonte co establecido nos arts. 153 - 154 da Lei de contratos das Administracións públicas.

No caso do concurso, o prego tipo de cláusulas administrativas particulares de adxudicación de obras contén os criterios xerais para a súa adxudicación, o desenvolvemento e aplicación práctica poderá ser realizado no concello, xuntándoo ó prego e prestando aprobación e publicación o concello. De non facelo, aplicarase o baremo establecido para as obras da deputación.

3.- A dirección e execución das obras realizaraas o concello correspondente sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

4.- As modificacións dos contratos realizaraas o concello conforme ó establecido na Lei de contratos das Administracións públicas. En todo caso requirirá da redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

No caso de modificacións que non varíen o obxecto nin a finalidade do proxecto e non supoñan variación no orzamento, poderán ser aprobados pola Presidencia da deputación. .

5.- Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de calquera outro, deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.

En todo caso os concellos deberanlle remitir á deputación:

1º.- Documentación relativa á contratación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Listado de obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se utiliza, para idéntico fin, no Plan de Obras e Servizos.
- Se a adxudicación se realiza mediante o sistema de poxa deberá remitirse a "Acta de apertura de plicas".
- No caso de concurso ademais da "Acta de apertura de plicas", deberase remitir a xustificación da elección desta forma de adxudicación, así como a aplicación dos criterios establecidos nos pregos.
- No caso de procedemento negociado, deberá remitirse certificación das ofertas presentadas e xustificación da publicidade de licitación, ben mediante a publicación do anuncio na prensa, ben pola solicitude de ofertas dirixidas ás empresas.

2º.- Documentación relativa á execución:

- Certificación de obra aprobada polo órgano competente (3 exemplares); no caso de subministracións e servizos acompañarase un exemplar da factura.
- Fotografía do cartel da obra.
- Acta de recepción das obras ou subministracións.

Comunicación Recepción:

Os concellos deberán comunicarlle á Deputación cunha antelación de ó menos 20 días naturais, a data e hora na que se formalizará o acto de recepción e entrega para os efectos de asistencia dun técnico da deputación á devandita, se así se considera oportuno.

Os concellos asumirán as consecuencias derivadas da resolución do contrato ou na execución das obras, motivado pola acción e omisión a eles imputable.

4.-Dispoñer a exposición pública da terceira relación de obras e subministracións do plan, aprobada no presente acordo mediante a publicación dun anuncio no BOP, para os efectos de que se poidan presentar alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non se presentar ningunha.

5.-Remitir o expediente para informe da Xunta de Galicia, da Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.

6.-Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo.”

17.-CUARTA RELACIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN DE FOMENTO DE TURISMO DE NATUREZA.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (14 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar a cuarta relación de obras, subministracións e servizos do Plan XXI para o fomento de turismo de natureza na provincia da Coruña. Os investimentos e subministracións desta relación que se vai contratar en cada concello quedan establecidos nos termos incorporados no presente acordo.

Código	Concello/obra	Ozto. total
01.4300.0114.0	A LARACHA MELLORA ARREDORES ACCESOS IGREXARIO DE COIRO 1ª FASE	Concello: Dep. fondos propios: 18.601,75 euro Dep. préstamo: 26.361,73 euro Total 44.963,48 euro
01.4300.0115.0	A LARACHA MELLORA ARREDORES E ACCESOS Ó IGREXARIO DE MONTEMAIOR 1ª FASE	Concello: Dep. fondos propios: 9.331,44 euro Dep. préstamo: 13.219,18 euro Total 22.650,62 euro
01.4300.0116.0	BRIÓN ACONDICIONAMENTO DA MARXE DO RÍO 15.498,60 euro PEGO	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: 22.108,98 euro Total 22.607,58 euro
01.4300.0117.0	CABANA DE BERGANTIÑOS ACONDICIONAMENTO DA CARBALLEIRA 7.219,42 euro DE SANTA MARIÑA E MELLORA DO ACCESO Á PRAIA DO CURRO	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: 10.227,22 euro Total 17.446,64 euro
01.4300.0118.0	CABANA DE BERGANTIÑOS	Concello:

	ACONDICIONAMENTO DO ACCESO Á PRAIA DE REBORDELO	Dep. fondos propios: 11.502,82 euro Dep. préstamo: 16.295,22 euro Total 27.798,04 euro
01.4300.0119.0	CERCEDA MELLORA E AXARDINAMENTO EN PARQUE O ACEVEDO	Concello. Dep. fondos propios: 8.726,86 euro Dep. préstamo: 12.362,71 euro Total 21.089,57 euro
01.4300.0120.0	CERCEDA ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO PARQUE O ACEVEDO	Concello: Dep. fondos propios: 3.882,23 euro Dep. préstamo: 5.499,68 euro Total 9.381,91 euro
01.4300.0121.0	CESURAS ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA FOMENTO DE TURISMO NA NATUREZA. CESURAS	Concello: Dep. fondos propios: 3.768,54 euro Dep. préstamo: 5.338,61 euro Total 9.107,15 euro
01.4300.0122.0	CESURAS ADQUISICIÓN DE ROZADORA CON BRAZO 8.116,18 euro ARTICULADO. CESURAS	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: 11.497,58 euro Total 19.613,76 euro
01.4300.0123.0	CORCUBIÓN COLOCACIÓN DE SINAIS IDENTIFICATIVOS	Concello: Dep. fondos propios: 8.892,92 euro Dep. préstamo: 12.597,95 euro Total 21.490,87 euro
01.4300.0124.0	CORISTANCO ACONDICIONAMENTO PARQUE IGREXA DE SEAVIA	Concello. 1,90 euro Dep. fondos propios: 19.311,19 euro Dep. préstamo: 27.356,73 euro Total 46.669,82 euro
01.4300.0125.0	MAÑÓN Nº 1. ADQUISICIÓN EQUIPAM. PARA EDIFICIO DA ANTIGA ESTACIÓN SEMAFÓRICA EN ESTACA DE BARES	Concello: Dep. fondos propios: 12.414,12 euro Dep. préstamo: 17.586,17 euro Total 30.000,29 euro
01.4300.0126.0	MAÑÓN Nº 2. ADQUISICIÓN EQUIPAM. PARA EDIFICIO ANTIGA ESTACIÓN SEMAFÓRICA EN ESTACA DE BARES	Concello: Dep. fondos propios: 12.281,54 euro Dep. préstamo: 17.398,34 euro Total 29.679,88 euro
01.4300.0127.0	MELIDE ADECUACIÓN DE ÁREA DE RECREO CANTÓN SAN ROQUE, MELIDE	Concello: Dep. fondos propios: 21.425,82 euro Dep. préstamo: 30.352,39 euro Total 51.778,21 euro
01.4300.0128.0	MELIDE	Concello.

	INSTALACIÓN EN ÁREA DE RECREO CANTÓN SAN ROQUE, MELIDE	Dep. fondos propios: 7.043,30 euro Dep. préstamo: 9.977,73 euro Total 17.021,03 euro
01.4300.0129.0	MESÍA PUNTOS DE INFORMACIÓN E SINALIZACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE MESÍA	Concello: 314,64 euro Dep. fondos propios: 12.915,34 euro Dep. préstamo: 18.296,23 euro Total 31.526,21 euro
01.4300.0130.0	MUXÍA REHABILITACIÓN DA CAPELA SAN ROQUE	Concello: Dep. fondos propios:
9.555,58 euro		Dep. préstamo: 13.536,71 euro Total 23.092,29 euro
01.4300.0131.0	MUXÍA ADQUISICIÓN 12 PAPELEIRAS MOD. HISTÓRICA	Concello: Dep. fondos propios: 2.062,77 euro Dep. préstamo: 2.922,27 euro Total 4.985,04 euro
01.4300.0132.0	MUXÍA ADQUISICIÓN 30 SUXEITA-COLECTORES	Concello: Dep. fondos propios: 1.773,49 euro Dep. préstamo: 2.512,13 euro Total 4.285,62 euro
01.4300.0133.0	MUXÍA ADQUISICIÓN 4 DUCHAS PARA PRAIAS	Concello: Dep. fondos propios: 2.192,53 euro Dep. préstamo: 3.105,99 euro Total 5.298,52 euro
01.4300.0134.0	MUXÍA MAQUINA LIMPA-PRAIAS	Concello: Dep. fondos propios:
15.434,25 euro		Dep. préstamo: 21.864,56 euro Total 37.298,81 euro
01.4300.0135.0	MUXÍA SUBMINISTRACIÓN DE SINAIS	Concello: Dep. fondos propios: 1.454,87 euro Dep. préstamo: 2.061,69 euro Total 3.516,56 euro
01.4300.0136.0	NARÓN CREACIÓN DA ZONA DE ACAMP TURISMO	Concello: Dep. fondos propios:
26.195,84 euro	NATURAL, 1ª FASE	Dep. préstamo: 37.109,71 euro Total 63.305,55 euro
01.4300.0137.0	OROSO REALIZACIÓN DUN VÍDEO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE OROSO	Concello: Dep. fondos propios: 2.486,99 euro Dep. préstamo: 3.523,13 euro

		Total	6.010,12 euro
01.4300.0138.0	OROSO ADECENTAMENTO DA ZONA DESTINADA	Concello:	Dep. fondos propios:
9.385,94 euro	AREA RECREATIVA A GRAVANXA	Dep. préstamo.	13.296,38 euro
		Total	22.682,32 euro
01.4300.0139.0	ORTIGUEIRA CASETA DE SALVAMENTO DE SOCORRISMO QUE SE INSTALARÁ NA PRAIA DE MOROUZOS	Concello:	Dep. fondos propios: 25.323,71 euro
		Dep. préstamo:	35.874,23 euro
		Total	61.197,94 euro
01.4300.0140.0	ORTIGUEIRA CASETA DE TURISMO	Concello:	Dep. fondos propios: 20.112,64 euro
		Dep. préstamo.	28.492,10 euro
		Total	48.604,74 euro
01.4300.0141.0	A POBRA DO CARAMIÑAL PER LOCA MARÍTIMA (VIDEO)	Concello:	Dep. fondos propios: 2.486,98 euro
		Dep. préstamo:	3.523,13 euro
		Total	6.010,11 euro
01.4300.0142.0	A POBRA DO CARAMIÑAL URBANIZACIÓN DOS ARREDORES DA PONTEBARBANZA	Concello:	Dep. fondos propios: 22.825,45 euro
		Dep. préstamo.	32.335,13 euro
		Total	55.160,58 euro
01.4300.0143.0	PONTEDEUME PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑ DE ACCESO Á PRAIA DE BER.	Concello:	Dep. fondos propios: 3.240,35 euro
4.590,38 euro			Dep. préstamo:
		Total	7.830,74 euro
01.4300.0144.0	PONTEDEUME INSTALACIÓN DE DOUS INODOROS PORTÁTILES NO PASEO MARÍTIMO DE PONTEDEUME E NA PRAIA DE BER.	Concello:	Dep. fondos propios: 2.932,97 euro
		Dep. préstamo:	4.154,92 euro
		Total	7.087,89 euro
01.4300.0145.0	PONTEDEUME RECONVERSIÓN DO VERTEDOIRO EN OMBRE	Concello:	Dep. fondos propios: 6.683,94 euro
		Dep. préstamo:	9.468,66 euro
		Total	16.152,60 euro
01.4300.0146.0	PONTEDEUME SUBSTITUCIÓN DE FAROLA DO ALUMEAMENTO PÚBLICO NA AVDA. DE RICARDO SÁNCHEZ	Concello:	Dep. fondos propios:
6.694,43 euro		Dep. préstamo:	9.483,50 euro
		Total	16.177,93 euro

01.4300.0147.0	PONTEDEUME PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO PÚBLICO DE ACCESO Á PRAIA DE CENTROÑA	Concello: Dep. fondos propios: 4.229,50 euro Dep. préstamo: 5.991,63 euro Total 10.221,13 euro
01.4300.0150.0	RIVEIRA VIDEO EN FORMATO DIXITAL PARA PROMOCIÓN DO TURISMO NÁUTICO	Concello: Dep. fondos propios: 2.486,83 euro Dep. préstamo: 3.523,13 euro Total 6.009,96 euro
01.4300.0148.0	TEO ACONDICIONAMENTO E MELLORA DOS ARREDORES NA BURGA PARA TURISMO DE NATUREZA	Concello: Dep. fondos propios: 8.373,80 euro Dep. préstamo: 11.862,54 euro Total 20.236,34 euro
01.4300.0149.0	TEO ACONDICIONAMENTO DE ACCESO E ARREDORES NO MIRADOR DE LAMPAI PARA TURISMO DA NATUREZA	Concello: Dep. fondos propios: 10.330,79 euro Dep. préstamo: 14.634,86 euro Total
24.965,65 euro		
	TOTAIS	Concello: 316,54 euro Dep. fondos propios: 367.195,73 euro Dep. préstamo: 520.333,23 euro Total 887.845,50 euro

2.-O financiamento das obras e subministracións incorporadas nesta terceira relación de investimentos do plan quedaría establecida nos termos que figuran na presente proposta: orzamento total 887.845,50 euros, dos cales a deputación financiará 887.528,96 euros con cargo á partida orzamentaria 0305/751.A/762.99 e 316,54 euros que serán financiados polos concellos integrados nesta terceira relación de investimentos do plan.

Programa	Oztos	Achega Deputación	Achega Concello
Obras /subministracións	887.845,50	887.528,96	316,54

3.-A contratación das obras e subministracións, consonte co establecido nas bases de convocatoria do plan, delégase nos concellos respectivos conforme ós seguintes criterios:

"1.- As obras contrataranas os respectivos concellos utilizando os pregos tipo das cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente pola deputación. O concello deberá cubrir en cada un dos expedientes o correspondente cadro de características do contrato.

2.- As obras adjudicaránse mediante poxa, ou concurso con procedemento aberto. Poderán adjudicarse mediante procedemento negociado naqueles supostos e cos requisitos establecidos na Lei de contratos das Administracións públicas. Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia Administración consonte co establecido nos arts. 153 - 154 da Lei de contratos das Administracións públicas.

No caso do concurso, o prego tipo de cláusulas administrativas particulares de adjudicación de obras contén os criterios xerais para a súa adjudicación, o desenvolvemento e aplicación práctica poderá ser realizado no concello, xuntándoo ó prego e prestando aprobación e publicación o concello. De non facelo, aplicarase o baremo establecido para as obras da deputación.

3.- A dirección e execución das obras realizaraas o concello correspondente sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

4.- As modificacións dos contratos realizaraas o concello conforme ó establecido na Lei de contratos das Administracións públicas. En todo caso requirirá da redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

No caso de modificacións que non varíen o obxecto nin a finalidade do proxecto e non supoñan variación no orzamento, poderán ser aprobados pola Presidencia da deputación. .

5.- Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de calquera outro, deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.

En todo caso os concellos deberanlle remitir á deputación:

1º.- Documentación relativa á contratación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.

- Listado de obras cos datos de adjudicación debidamente cubertos no modelo que se utiliza, para idéntico fin, no Plan de Obras e Servizos.

- Se a adjudicación se realiza mediante o sistema de poxa deberá remitirse a "Acta de apertura de plicas".

- No caso de concurso ademais da "Acta de apertura de plicas", deberase remitir a xustificación da elección desta forma de adjudicación, así como a aplicación dos criterios establecidos nos pregos.

- No caso de procedemento negociado, deberá remitirse certificación das ofertas presentadas e xustificación da publicidade de licitación, ben mediante a publicación do anuncio na prensa, ben pola solicitude de ofertas dirixidas ás empresas.

2º.- Documentación relativa á execución:

- Certificación de obra aprobada polo órgano competente (3 exemplares); no caso de subministracións e servicios acompañarase un exemplar da factura.
- Fotografía do cartel da obra.
- Acta de recepción das obras ou subministracións.

Comunicación Recepcións:

Os concellos deberán comunicarlle á Deputación cunha antelación de ó menos 20 días naturais, a data e hora na que se formalizará o acto de recepción e entrega para os efectos de asistencia dun técnico da deputación á devandita, se así se considera oportuno.

Os concellos asumirán as consecuencias derivadas da resolución do contrato ou na execución das obras, motivado pola acción e omisión a eles imputable.

4.-Dispoñer a exposición pública da cuarta relación de obras e subministracións do plan, aprobada no presente acordo mediante a publicación dun anuncio no BOP, para os efectos de que se poidan presentar alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non se presentar ningunha.

5.-Remitir o expediente para informe da Xunta de Galicia, da Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.

6.-Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo.”

18.-CONVENIO CON FIMO PARA PROMOVER O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO RECINTO FEIRAL DE FERROL.

(Entra o Sr. Mosquera Maceiras).

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio Pro-feiras de Ferrol, para financiar os proxectos de adecuación do recinto feiral de Ferrol. Os proxectos que integrarán o contido substantivo do convenio son os seguintes:

OBRA	ORZAMENTO	ACHEGA PROV.
- "Substitución e construción de portas na entrada do vestíbulo principal".	35.312,76 €	35.312,76 €
- "Obra de entrada principal ó edificio".	32.737,96 €	32.737,96 €
- "Obra de entrada principal ó edificio de cafetería".	19.568,53 €	19.568,53 €
- "Impermeabilización da fachada principal".	18.126,52 €	18.126,52 €
- "Substitución e construción de portas na entrada e saída dos pavillóns 1 e 2".	23.439,47 €	23.439,47 €
- "Remodelación do pavillón nº 4-C (auditorio pequeno)"	28.160,32 €	28.160,32 €
- "Reparación de fachadas exteriores dos pavillóns 1,2,3 e 5 pola parte baixa"	83.059,28 €	83.059,28 €
totais:	240.404,84 €	240.404,84 €

2.-A achega provincial establecida no convenio ascende a un total de 240.404,84 € e poderá efectuarse, consonte coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/721.AB/767.01.

3.-Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.

4.-O texto íntegro do convenio é o seguinte.

A Coruña, de de dous mil

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, como Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral da corporación D. José Luis Almau Supervía.

Doutra parte D. como representante do Consorcio Pro-Feiras de Ferrol

EXPOÑEN:

1.-Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio Pro-feiras de Ferrol consideran de mutuo interese o obxectivo de financiar de maneira conxunta os proxectos que se incorporan ó presente convenio.

2.-Que a Deputación da Coruña ten atribuída legalmente a competencia de fomento dos intereses da provincia.

3.-Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e o Consorcio Pro-feiras de Ferrol as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA. OBXECTO:

O Consorcio Pro-feiras de Ferrol promoveu a execución dos seguintes proxectos de adecuación do recinto feiral de Ferrol que serán subvencionadas pola deputación, a través do presente convenio:

OBRA	ORZAMENTO	ACHEGA PROV.
- "Substitución e construción de portas na entrada do vestíbulo principal".	35.312,76 €	35.312,76 €
- "Obra de entrada principal ó edificio".	32.737,96 €	32.737,96 €
- "Obra de entrada principal ó edificio de cafetería".	19.568,53 €	19.568,53 €
- "Impermeabilización da fachada principal".	18.126,52 €	18.126,52 €
- "Substitución e construción de portas na entrada e saída dos pavillóns 1 e 2".	23.439,47 €	23.439,47 €
- "Remodelación do pavillón nº 4-C (auditorio pequeno)".	28.160,32 €	28.160,32 €
- "Reparación de fachadas exteriores dos pavillóns 1,2,3 e 5 pola parte baixa"	83.059,28 €	83.059,28 €
Totais:	240.404,84 €	240.404,84 €

A Deputación da Coruña financiará os proxectos relacionados no presente convenio cunha achega de co obxectivo de cubrir a totalidade do custo derivado da execución destes.

SEGUNDA. FORMA DE PAGO

A achega provincial librarase trala acreditación previa dos gastos efectivamente realizados mediante a presentación das correspondentes certificacións de obra. O importe que se ha librar será o que para cada obra aparece reflectido na cláusula segunda respecto do total xustificado. No suposto de non xustificar a totalidade do gasto previsto minorarase a achega da deputación mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ó importe realmente xustificado. No caso de que os gastos xustificados foran superiores ó orzamento da actividade a achega da deputación non superará a cantidade máxima da establecida na cláusula segunda para cada obra. En todo caso a achega provincial limitarase ós gastos efectivamente xustificadas antes do 30 de setembro de 2002.

A achega provincial poderá ser compatible con outras achegas públicas ou privadas para idéntica finalidade. En todo caso deberán achegarse declaración expresa das achegas públicas ou privadas obtidas para o mesmo fin, sen que en ningún caso o importe total das achegas concorrentes superen o custo da actividade realmente xustificado.

A Deputación da Coruña financiará os proxectos relacionados cunha achega global de 40.000.000 de pesetas co obxecto de cubrir o do custo da execución dos ditos proxectos.

TERCEIRA. NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran surxir en relación con el será competencia de xurisdicción contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran surxir na súa interpretación estarase ó disposto na Lei 13/95 do 18 de maio de contratos das Administracións públicas.

CUARTA. VIXENCIA

O presente convenio finalizará a súa vixencia co cumprimento do obxecto disposto nel e, en todo caso o día 30 de novembro de 2003.

En proba de conformidade as dúas partes co contido íntegro do convenio asínano en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento.

Lido por ámbalas partes e en proba de conformidade, asínano e outorgan en exemplar triplicado, na cidade e data arriba indicadas.”

19.-PROXECTO REFORMADO DA OBRA “REHABILITACIÓN DO TELLADO DA IGREXA DE FRANZA”, MUGARDOS PLAN 2000 DE RECUPERACIÓN DE ARQUITECTURA POPULAR.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o proxecto técnico modificado da obra: Restauración tellado da igrexa de Franza (Mugardos) cód. 99.4100.0078.0 PAP, presupostada na cantidade de 6.054.486 pesetas.

O proxecto técnico modificado apróbase ante a necesidade de reaxustar o orzamento para adecualo ás necesidades reais de financiamento do investimento.

O orzamento da obra, que ascende a 36.388 €, será financiado pola deputación, con cargo á partida 0305/469.A/629.31 do orzamento da corporación, na contía de 29.404,51 €e unha achega municipal de 6.983,69 €

2.-Dispoñer a exposición pública da memoria técnica aprobada mediante a publicación dun anuncio no BOP, para os efectos de que se poidan presentar alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non se presentar ningunha.

3.-Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo.”

20.-ADHESIÓN Ó FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Primeiro: Manifestar a adhesión desta Corporación ó Fondo Galego de Cooperación e Soliedariedade e aceptar os seus estatutos e declaración programática.

Segundo: Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente unha partida, como achega anual ó Fondo Galego, con destino ó financiamento de proxectos aprobados polo Fondo Galego de Cooperación e Soliedariedade, e de conformidade co correspondente baremo de cotas que aprobe a Asemblea Xeral de Socios.

Terceiro: Expresar a vontade de incrementar as responsabilidades económicas da Corporación respecto do terceiro mundo para aproximarse ó 0,7% do orzamento ordinario recomendado polas Nacións Unidas.

Cuarto: Facultar ó presidente para que designe un representante no Fondo Galego de Cooperación e Soliedariedade.

Quinto: Notificar estes acordos ó Fondo Galego de Cooperación e Soliedariedade e a FEGAMP.”

(Sae o Sr. Mosquera Maceiras).

21.-EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA IMPLANTACIÓN DO SISTEMA DE XESTIÓN DE PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS (S.X.P.A.) NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A SÚA INTEGRACIÓN CON TODAS AS APLICACIÓNS.

(Entra o Sr. Erias Rey).

INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

Vaia por diante que a nosa posición, a do grupo provincial do BNG, vai ser votar en contra do prego de condicións, da modificación das anualidades pero fundamentalmente porque non temos xustificación ningunha que nos sirva para apoiar a contratación dunha asesoría externa para facer o sistema de xestión de procedementos administrativos.

O tema do Plan de modernización da deputación é un tema que foi tratado en distintas ocasións no pleno, eu para facer unha breve síntese da nosa posición quería referirme xa ó que foi a constitución da Comisión de Racionalización e Informática, aprobada por este Pleno en novembro de 1999, onde o noso grupo provincial estivo en contra da composición da comisión no senso en que entendiamos que a comisión tiña que estar conformada recoñecendo a pluralidade e a presenza, polo tanto, dos tres grupos que conformamos o pleno da deputación, e non precisamente por unha presenza política restrinxida única e exclusivamente ó deputado-presidente da Comisión de Persoal e Réxime Interior e despois por unha serie de técnicos e de xefes técnicos desta casa.

Temos que recoñecer que no transcurso do tempo, aquela intervención, neste pleno precisamente en que o Sr. Rodríguez ía ser o deputado que ía estar integrado nesta comisión, comprometeuse a pasar unha información puntual a tódolos grupos políticos respecto de como se ía desenvolvendo a necesidade de que se fixera unha reforma administrativa para conseguir unha maior eficacia e eficiencia no que son os procedementos administrativos da deputación, non se cumpriu e, polo tanto, nosoutros neste momento non temos datos que nos poidan argüir ou substentar a necesidade da contratación desta asesoría auténtica.

O que temos que recoñecer neste momento é que o do Plan de modernización cubriuse cunha espesa néboa que non fomos capaces de saltar. Houbo referencias parciais nalgunha comisión de réxime interno, destas comisións informativas non deliberativas, que son frecuentes, con respecto a este tema, onde se nos informou parcialmente de distintos cambios segundo ía o proceso. De inicio, en abril do ano 2000, efectivamente, o pleno acordou contratar a unha asesoría externa a elaboración do Plan de modernización, adxudicouse esta contratación, a empresa estivo traballando, esgotou os seus prazos con moito, e nembargantes nosoutros temos un descoñecemento total de cales foron os resultados do traballo realizado por esta empresa. Tan só temos referencia con respecto ó expediente que se presenta para a aprobación deste pleno, que está entregada a primeira das cinco fases que constaban no traballo que tiña que facer esta empresa; temos coñecemento desta entrega, supoñemos que o Sr. Rodríguez, pero desde logo este grupo municipal descoñece absolutamente cales foron os resultados do que supoñemos o diagnóstico de

como están os procedementos administrativos nesta Corporación. Despois houbo unha visita á Deputación de Barcelona por parte do presidente da deputación, do Sr. Erias e do Sr. Rodríguez, e nunha comisión informáronos que viñan marabillados do sistema de procedementos administrativos que estaba funcionando na Deputación de Barcelona, e do logro que ía haber unha cesión gratuíta destes sistemas e destes procedementos á Deputación da Coruña para que se puideran adecuar á nosa realidade. Ben, isto quedou nunha información puntual nunha comisión, e máis nada soubemos do asunto. Si, tamén no pleno, aprobamos o convenio de colaboración coa Xunta de Galicia para utilizar os sistemas de xestión de procedementos administrativos da Xunta de Galicia, que conforme vén o expediente, vai ser a base con que se van realizar e elaborar os sistemas propios desta deputación.

(Entra o Sr. Mosquera Maceiras).

¿Cal é a dúbida que nos asalta a nosoutros, en todo caso, en toda esta información parcial que temos? Descoñecemos que a deputación tivera uns procedementos tan obsoletos como que haxa a volta absoluta a tódolos seus procedementos, o sistema de xestión de procedementos da Xunta vendéusenos como un sistema que se podía adecuar perfectamente á Deputación provincial, polo tanto, non entendemos que unicamente e exclusivamente a adaptación destes sistemas á Deputación provincial se teñan que encargar a través dunha asesoría externa, que vai custarlle á deputación 1.400.000 euros, cando nosoutros entendemos que se non se dera esta premura de tempo que aparece nos informes, e cos recursos propios da deputación, estaríamos en perfectas condicións de realizar este traballo.

Polo tanto, por non ter información de cál é o proceso que neste momento existe e os obxectivos e o diagnóstico dentro do Plan de modernización, por darnos absoluta ventaxe no que nos está saíndo o Plan de modernización que, insisto, descoñecemos, 347.000 euros para elaborar o Plan de modernización, 1.400.000 euros para esta nova asesoría, 540.000 euros para a asesoría que se vai adxudicar tamén para elaborar o sistema de procedementos para tres concellos pilotos, e dous aspectos fundamentais, como son os equipos informáticos e o mantemento de todo este sistema informático que está sen cuantificar e pendente de estudos, entendemos que, teríamos, en primeiro lugar, que ter maior coñecemento de cál é a situación, de cáles son as necesidades e a ese respecto pronunciarnos. Cos datos que temos neste momento non nos queda máis remedio que votar en contra de que se contrate unha asesoría para realizar estes procedementos.

Sr. Rodríguez Rodríguez

En relación coa intervención previa da Sra. representante do BNG creo que, en primeiro lugar, a súa alegación de falta de información, como é natural, nosoutros lamentamos profundamente que a teña, pero creo que houbo ofrecementos reiterados, nunca

recibín ningunha petición expresa de lle remitir os antecedentes concretos, que como é natural, está á súa disposición, e en ningún caso hai ningunha intención de ocultación nin de negar información ós representantes dos grupos. Reitero ese ofrecemento, están tódolos estudos á súa disposición e as actas das comisións para que poidan analizar o que estimen pertinente, non creo que sexa culpa deste grupo de goberno esa falta de información, eu creo que reiterarei varias veces neste senso.

En primeiro lugar, creo que hai unha falta de enfoque, quizais haxa falta de información a resultas desa falta de enfoque, pero nosoutros non temos culpa dese déficit. En primeiro lugar, sobre a propia composición da Comisión de Racionalización, non é unha comisión política, é unha comisión técnica da casa que vai dirixir un proceso interno de carácter puramente técnico, a política non entra nos sistemas de xestión, os sistemas de xestión son profesionais, converter iso nunha comisión política sería unha cousa absolutamente impropio e inadecuada. Son tódolos representantes dos distintos servizos da casa os que integran esa Comisión de Racionalización coa finalidade, en definitiva, de lograr unha maior eficacia e eficiencia no funcionamento técnicos dos servizos, puramente técnico.

Desde logo é obvio o descoñecemento da Sra. deputada cando di que cos recursos propios da deputación podíase tratar a fase de implantación da informatización integral que estamos pretendendo, é descoñecer a situación técnica dos servizos e a necesidade que temos de lograr que na Deputación da Coruña tódolos seus procedementos administrativos se desenvolvan sobre unha base informatizada que permitirá, en primeiro lugar, un seguimento para a discreción, unha conexión cos cidadáns que poderán realizar calquera xestión por vía telemática e, en definitiva, unha maior eficacia interna de funcionamento.

Desde logo, todo iso vai requirir importantísimos aspectos técnicos de integración dos sistemas actuais informáticos da deputación co novo sistema, que ten unha vocación universal e que vai permitir, ademais, da unión do prego, que non é obxecto de debate deste pleno, porque é competencia do presidente aprobalo, de informatización integral dos concellos da provincia.

A Deputación da Coruña nun período de tempo relativamente breve, que é o tempo dunha lexislatura, fórmase un obxectivo que ningunha outra Administración pública española se puido formular nestes momentos, que é a informatización integral do complexo concellos-deputación. A deputación non só quere informatizarse integralmente senón a tódolos concellos da provincia, e esa informatización de concellos, imos escoller tres concellos piloto que despois, na vindeira lexislatura, estenderase a tódolos concellos.

Polo tanto, en ningún caso estamos falando dun proxecto menor, senón do proxecto máis importante que desde o punto de vista técnico vai facilitar unha maior eficacia e unha

maior capacidade dos cidadáns de relacionarse coa Administración, e de cumprir nesta deputación o que ningunha outra Administración podía cumprir, que era pedirlle a un cidadán un documento que xa conste en calquera expediente administrativo e, en definitiva, garantir que telematicamente, é dicir, desde a súa casa, se poida relacionar coa deputación para conseguir unha deputación aberta os 365 días do ano e as 24 horas do día.

Como é natural, todo isto representa e esixe unha serie de actuacións que, efectivamente, comezaron vendo o expediente, como funcionaba outras deputacións, no caso da Deputación de Barcelona había experiencias moi interesantes que sobre todo no que se refería a obxectivos que se van cumprir, que era en definitiva, por exemplo, no sistema de recadación que os concellos da provincia poidan en calquera momento saber o estado de calquera ingreso que a deputación lle está formulando, tanto individualmente, como colectivamente, e outras moitas actuacións, para non alongarnos.

¿Que estamos pretendendo?, minimizar custo que vai implicar un proceso desta envargadura, e para iso apoiámonos nunha metodoloxía que é o sistema de xestión de procedementos administrativos, pero non é unha metodoloxía concreta, senón abstracta, é dicir, obviamente hai un descoñecemento importante destes aspectos técnicos por parte da deputada que falou anteriormente. Non se trata dos procedementos administrativos da Xunta de Galicia, senón do software, abstracto e informático, que permitirá implantar os procedementos propios da Deputación, utilizando unha tecnoloxía que custou moito diñeiro na Xunta de Galicia, e que se nos cede gratuitamente.

Polo tanto, non é que esteamos con procedemento obsoleto, é que realmente estamos obrigados a informatizar os nosos propios procedementos. Neste senso teño que dicir que a Comisión de Racionalización prestou a súa aprobación á primeira fase que substancialmente, analizou a situación da deputación e fixo algo que era absolutamente imprescindible que era os diagramas de fluxos de tódolos procedementos da deputación. É dicir, nosoutros temos xa agora, paso por paso, todo o que vai permitir despois a informatización integral, e pretendemos facer o mesmo nos concellos da provincia.

Polo tanto, non hai nin procedementos obsoletos nin hai perda de tempo, ó contrario, hai un proceso que se desenvolveu en dúas fases, e esta segunda fase ó terminar permitirá que a deputación conte cun sistema informático integral.

Reitero o noso ofrecemento se quere coñecer calquera información, de que a teña á súa disposición, basta que nos diga qué é o que lle interesa para que llo remitamos, pero iso non pode, en ningún caso, poñer dúbida ningunha sobre que o Plan de informatización en realidade que imos afrontar agora, da deputación e dos concellos da provincia, vainos colocar á Deputación da Coruña e ós concellos da provincia da Coruña como a

Administración máis avanzada e máis eficiente de tódalas Administracións públicas españolas.

Moitas gracias.

Sra. Vázquez Veras

Ás veces dise que non ten información quen no quere, eu o que quero é deixar constancia no pleno, que nunha Comisión de Persoal e Réxime Interior, no apartado de preguntas, fixen unha intervención pedindo información de como estaba o desenvolvemento do Plan de modernización da deputación e cáles eran os traballos que realizara ata o momento a empresa, a resposta do Sr. Rodríguez foi, ata que haxa conclusións é unha competencia do goberno provincial e ímolo seguir facendo sen pasar conclusións. Sr. Rodríguez, non pode dicir que esta deputada non se interesou por cómo se ían desenvolvendo os traballos do Plan de modernización, a realidade é que non os temos, e é curioso que exista unha primeira fase entregada ó Sr. deputado que é presidente da deputación, pero que o resto dos grupos non teñamos coñecemento deste diagnóstico. Polo tanto, non é problema de non querer ler información, senón de que hai unha información que non se pasa, así de claro, ó resto dos grupos provinciais.

E en segundo lugar, eu non me vou meter en aspectos técnicos porque, efectivamente, tería que ter o proxecto diante para poder dicir algo. En todo caso, direi que no convenio de colaboración asinado coa Xunta de Galicia non se colle o software, e nas cláusulas, na primeira en concreto, de tal convenio, di claramente que a Consellería da Presidencia prestaralle colaboración técnica á Deputación provincial nas seguintes materias: programa de avaliación de rendemento e dirección, servizo de información administrativa, especialmente nas áreas cubertas polo sistema de xestión de procedementos administrativos, é dicir, hai un sistema de xestión de procedementos administrativos, houbo unha presentación na deputación na cal eu fun unha das poucas deputadas que asistín, onde efectivamente se nos estivo presentando cál era o sistema de procedementos administrativos da Xunta. Polo tanto, hai unha base importante, non é un software dedicado a calquera cousa, senón que é un software específico de procedementos administrativos, eu penso que é base substancial, e eu quero recordar tan só as palabras do Sr. Rodríguez noutro pleno, falando exactamente do mesmo tema, que dixo que tiña en moi boa cualificación o que eran os funcionarios desta deputación, idea que nosoutros compartimos tamén, entendemos que dentro da deputación están traballando funcionarios de moi alta cualificación; nosoutros por iso entendemos que, en todo caso, de non térense que presentar os fluxos e refluxos dos procedementos administrativos antes de xuño do ano 2003, data máxica, ó mellor, efectivamente, podíase desenvolver este traballo desde os recursos propios da deputación.

En todo caso, a ver en qué termina a historia, pero o único que se nos pasa para coñecemento destes deputados son millóns de euros que se van, agardemos que non, a soterrar nun sistema de procedementos administrativos que agardemos tamén que, ó final, consiga axilizar o que son os procedementos administrativos, en todo caso, o de atención cara a fóra, verémolo. E en segundo lugar, falta de enfoque, se miramos o prego de condicións é curioso que se lle dea importancia a determinados temas que, ó mellor, efectivamente, son importantes na cabeza do Sr. Rodríguez, como pode ser a implantación da páxina web para o Plan de apoio veciñal e, nembargantes, no que son procedementos internos fálese de determinadas áreas e non se fale de integrar nos procesos administrativos a enquisa que se estableceu no convenio coa Universidade da Coruña, que imaxino que estará a punto de entregarse, onde vai haber unha análise exhaustiva de cáal é a situación de tódalas infraestructuras dos concellos da provincia da Coruña, tema que é básico e fundamental para despois ter criterios obxectivos para avaliar os distintos plans que son, penso que a estrela da deputación, o POS, o POL, o Plan de infraestructuras, o de Vías e estradas, etc., etc.

Eu sinto que teñamos que vir cun total descoñecemento, insisto, non por non querer información, senón porque é unha información que por parte do equipo de goberno non se nos traduce para que, evidentemente, puideramos ter outra posición. En todo caso, Sr. Rodríguez, con consultas a empresas que fan os mesmos traballos, todas fixeron o mesmo comentario, con 1.400.000 euros pódese facer sistema de xestión, marabillas e moitas cousas máis.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Moi brevemente. Eu, como non quer facer diálogo de xordos vou intentar simplemente ampliar aqueles conceptos que poidan parecer dar algunha dúbida.

Obviamente se a Sra. deputada se refire a unha comisión, á anterior, sobre a información, ten que saber a Comisión de Racionalización hai menos de vinte días que foi a que aprobou as conclusións da empresa que, polo tanto, son as que teñen carácter oficial desde hai moi pouco tempo. De referirse a actuacións anteriores, lamentamos esta falta de información.

Como aquí non se trata de volver a reiterar o dito anteriormente, se a Sra. deputada quere algo que nos mande un escrito pertinente, nosouros mandarémolle a información que teñamos ó seu dispor, co cal deixaremos de falar innecesariamente de falta de información, porque iso non é certo.

(Saen os Sres. Fernández Moreda e Erias Rey).

En segundo lugar, eu lamento o descoñecemento técnico e realmente que a Sra. deputada fale politicamente de temas que me parece que non teñen a información adecuada, nin a formación adecuada, porque son temas de carácter técnico. Direi que realmente, dalgunha maneira, confundir o sistema de xestión de procedementos administrativos en abstracto cunha metodoloxía concreta, segue insistindo nun erro básico. E, desde logo, podo dicir que a licitación da deputación, comparativamente co investimento realizado por outras Administracións públicas, é moitísimo menor cá que realizan outras Administracións. Creo que a disposición da Xunta de Galicia de nos ceder a metodoloxía do sistema de xestión da Xunta de Galicia vai permitir abaratar moi profundamente os custos.

E un obxectivo que pode parecer, ó mellor, non xustificando, que para nosoutros é fundamentalmente asumir o compromiso de que nesta lexislatura o proceso de modernización termine. Creo que é unha obriga de toda persoa, de todo deputado que entra nesta casa, se iniciamos a principio da lexislatura un proceso que o deixemos terminado, que non o deixemos inconcluso. Iso non é un obxectivo desprezable, senón para nosoutros, fundamentalmente importante, e é un compromiso que queremos realizar. Oxalá que o consigamos e que ó final desta lexislatura poidamos ofrecer ó final dela como investimos razoablemente os recursos da deputación.

Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: 2 deputados (1 do PP e 1 do PSOE, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presentes no momento da votación - artigo 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1) Exceptuar os límites porcentuais establecidos no apartado 3º, art. 155 da Lei 39/88 de decembro, reguladora das facendas locais, no senso de que a imputación orzamentaria correspondente ó expediente para a contratación da implantación do sistema de xestión de procedementos administrativos (S.G.P.A.) na Deputación da Coruña e a súa integración en tódalas aplicacións realizarase do seguinte modo:

ANUALIDADES	IMPORTE EUROS	APLICACIÓN
2.002	450.000	0104/111D/22799 documento contable RC (02/3), nº rexistro 66 con data 18 de abril de 2002.
2.003	950.000	R.C. exercicios posteriores O104/111D/227.99, Nº rexistro 6671, con data do 18/4/2002

Total: 1.400.000 euros

2)Tomar coñecemento do presente expediente.

3)Facultar ó presidente para executar o presente acordo.”

22.-CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, AS CATRO DEPUTACIÓNS DE GALICIA E A FÁBRICA NACIONAL DE MOEDA E TIMBRE-REAL CASA DA MOEDA PARA A PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE CERTIFICACIÓN DA SINATURA ELECTRÓNICA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1)Exceptuar os límites porcentuais establecidos no apartado 3º, artigo 155 da Lei 39/88 de decembro, reguladora das facendas locais, no senso de que a imputación orzamentaria correspondente ó convenio entre a Xunta de Galicia, as catro deputacións de Galicia e a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda para prestar servicios de certificación de sinatura electrónica, realizarase do seguinte modo:

ANUALIDADES	IMPORTES EUROS
2.002	60.101,21
2.003	60.101,21
2.004	60.101,21

Total de achega: 180.303,63 euros.

A achega correspondente á anualidade 2002 realizarase con cargo á aplicación: 0104/111D/227.99 do vixente orzamento.

2)O presente convenio queda condicionado á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos.

3)Facultar ó presidente para executar o presente acordo.”

(Abandona o salón o Sr. Mosquera Maceiras).

ACTUACIÓNS DE CONTROL MOCIÓNS

Sra. Santiago López

Non se lle escapa a ninguén que a lingua galega segue un proceso de marxinación. No obxectivo de intentar que isto non siga adiante e que o uso social da nosa lingua teña unha divulgación como debe ser a realidade, presentamos esta moción para a toma de posición do pleno. Encantáranos que non aparecesen informes como o que recentemente acaba de emitir a Unesco no que di que a utilización do uso do galego está a sufrir un preocupante retroceso, gustaríanos que a lexislación vixente estivese cumpríndose, xa non só no que atinxe á Lei de normalización lingüística, senón por exemplo, tamén, o recoñecemento que se fai na carta europea das linguas minoritarias, nas que o Estado español está subscrito, por certo, e ademais, e este é o obxecto da nosa petición neste caso, a utilización da lingua galega no ámbito do ensino, ese Decreto 247/95 da galeguización do ensino, que se está incumprindo sistematicamente. Como ven, na moción que se presenta aparecen unha listaxe de entidades que apoian o dereito elemental da utilización do galego no ensino. Por iso se pedía, pídesse a esta cámara que apoie estes acordos que aquí se inclúen. O primeiro deles que era impulsar unha política lingüística favorable á utilización do galego en tódolos ámbitos, sobre todo na da Administración, neste caso, e aproveito a ocasión para lle pedir ó grupo de goberno que teña a ben o tratamento na Comisión de Cultura desea moción sobre a utilización do galego nesta Administración, de ser posible antes de que termine a lexislatura, porque ben, xa hai un ano que está presentada, entón sería, canto menos, minimamente interesante.

E o segundo dos puntos que era instar da Xunta de Galicia a proceder á redacción deste Plan xeral de normalización lingüística, dar cumprimento dunha vez por todas a este decreto 247/95 da galeguización do ensino, a garantía do uso do galego como lingua vehicular, sobre todo na etapa infantil e de 0 a 3, e no primeiro ciclo de educación primaria para aqueles alumnos galego falantes, dando así cumprimento á actual lexislación sobre a materia. Obviamente, promover a presenza real do galego en tódolos campos de actividade dentro do ensino, a administración, medios de comunicación, con respecto á toponimia, novas tecnoloxías, a ver se é certo que proximamente vemos a páxina web desta deputación en lingua galega, que creo que é un clamor, hai un montón de solicitudes de distintos ámbitos que así o esixen.

E como último punto manifestar o apoio desta Corporación provincial á manifestación que terá lugar o día 17 ás 19 da mañá na Alameda de Santiago de Compostela que leva como lema, o dereito fundamental de aprender en lingua galega.

Sométese a votación a urxencia da moción.

VOTACIÓN

Votan a favor: 4 deputados (BNG)

Votan en contra: 14 deputados (PP)

Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

Sr. Varela Rey

Unicamente para xustificar, dalgunha maneira, e destacar algúns aspectos desta moción, que entendemos que o lugar do debate e o foro, parécenos que é moi importante, ademais, é un tema clave o tema da lingua, por un lado darlle a información que desde onte ás tres da tarde arrancou a web da deputación en galego e por outro lado, adiantar dous ou tres aspectos que non nos parecen que sexa oportuno algúns parágrafos desta moción.

Primeiramente que é unha moción que se está presentado en tódolos concellos, na práctica totalidade, igual que na deputación; o foro competencial para debater isto parece que é o Parlamento de Galicia, cando falamos de aspectos normativos.

Por outro lado, manifestar desde o grupo popular, todo o impulso que está levando a cabo, de sempre, a Xunta de Galicia, a favor do galego. Parécenos que está facendo un labor moi importante de axudas, de formación e de cumprimento de lexislación.

E un último aspecto que é unha reflexión de que, nosoutros entendemos que a linguaxe, o fundamental é a comunicación, o fundamental é o entendemento entre as xentes que vivimos en Galicia, os que practicamos e falamos habitualmente en galego, parécenos que o camiño máis adecuado é optar polo agarimo, por ter o aprecio fundamental á nosa lingua e non pola imposición. E parécenos que é un erro, mesmo, utilizar a lingua como bandeira nalgún momento, porque eu creo que isto debe de ser apreciación de todos.

Respecto ó tema do que é a etapa educativa, entendemos que hai aspectos que seguramente que preocupan, tamén o da lingua, pero hai outros aspectos que preocupan hoxe moito máis, como é a escala de valores que ten que rexer a nosa escola, o tema do respecto, o tema da disciplina, respecto en tódolos ámbitos e, polo tanto, entendemos que ese debe de ser o camiño, que está garantido plenamente, tanto nas institucións educativas e públicas, e en tódolos ámbitos, por respecto ó que é a promoción do galego e, por suposto,

o cumprimento da lei, e a nosoutros, a este grupo, parécenos que non é a mellor maneira de apoiar ó galego a convocatoria de manifestacións, e creando bandeiras, porque iso o que fai é xustamente crear o efecto contrario, se tratamos de impoñer, ó mellor, seguramente que na escola podémolo ter, pero quen está por rexeitar esa actuación pode ser a sociedade, iso parécenos perigoso cando menos. Polo tanto, todo aquilo que signifique apoio permanente, agarimo, intentar falalo en tódolos ámbitos, en tódalas institucións, si, o tema da imposición parécenos máis complicado e parécenos ademais, por iso era para a explicación para que pase a comisión, a miña intervención, porque parece que ese pode ser o foro onde se poida debater con tranquilidade, con calma e longamente, e en todo caso, deixando ben claras as situacións competenciais quen as ten é a Xunta de Galicia.

Sr. presidente

Polo tanto, pasa á Comisión de Cultura para debater este tema tan importante e delicado.

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Vázquez Veras

Eu quería facer dúas preguntas orais que, en todo caso, se se ten coñecemento, póidanse responder no Pleno, ou se non, rogaría unha contestación por escrito. A primeira vai referida a unha pregunta que xa fixen hai dous meses respecto das xestións que entendiamos que debía de facer a deputación para que se soterrara a rede eléctrica que está nos arredores das Torres do Allo, temos coñecemento de que a rede segue no mesmo sitio e, polo tanto, queremos saber se se fixeron as xestións oportunas perante a empresa subministradora para soterrar este rede.

Sr. presidente

Os técnicos correspondentes, neste caso o Servicio de Arquitectura, estanse facendo estas xestións perante a empresa para intentar subsanar ese defecto. En tal caso, ó mellor, intentaremos chegar a un entendemento entre dúas partes, refírome á deputación e a empresa fornecedora de enerxía eléctrica nesa zona, para subsanar ese defecto dese prazo que tan ben restaurado quedou.

Sra. Vázquez Veras

Nun medio de comunicación local, o martes desta semana se informaba que dentro do Plan de apoio veciñal e na dotación por compra ou reforma de locais, esta deputación, segundo esta información comprara un local na rúa Matadero que sería o local social da

Asociación de Veciños Ensenada de Orzán é unha asociación de veciños que ten como ámbito de actuación o que é a zona de Orzán e parte do ensanche da Coruña e a rúa Matadero está situada nun barrio tradicional de sempre de Montealto, que é ámbito de actuación doutra asociación veciñal.

Entón, a miña pregunta é se é certo que este local está comprado no barrio de Montealto para uso da Asociación de Veciños da Enseada de Orzán e se o equipo de goberno lle parece lóxico que se compre un local para a actuación dunha asociación de veciños no ámbito de actuación doutra asociación de veciños e fora da súa demarcación.

Sr. presidente

Eu o que podo informar é que non hai ningún local comprado neste momento, pero non sei se o Sr. Rodríguez quere ampliar máis a información, pero que non hai ningún local comprado neste momento.

Sr. Rodríguez Rodríguez

A información que temos, efectivamente, Sr. presidente, é que si está comprado ese local, que saíu a licitación, que se formulou unha oferta, e que a posición da asociación de veciños, porque está no bordo de entre un ámbito de actuación e outro, é o de facilitar a utilización, se é posible, coa outra asociación, na fórmula máis de cooperación e que, polo tanto, non se trata de, non hai unha delimitación xurídica de borde, non hai unha fronteira entre asociacións de veciños, senón un ámbito máis ou menos establecido, e cunha vontade clara de colaboración entre as dúas asociacións, que agardamos que se poida lograr nese obxectivo común de facilitar desde a deputación a realización de actividades de asociacións de veciños. Ese procedemento non se paralizou en ningún momento porque non houbo ningunha alegación específica e terminouse normalmente o proceso, independentemente de que, efectivamente, estea no bordo das dúas asociacións.

Sra. Santiago López

Case me pedía o corpo facer o rogo que vou facer en inglés, en prol dese entendemento suposto *-fine, thank you-*, dese suposto entendemento que temos que ten calquera que sexa a lingua que se utilice, pero ben, como quero que se me conteste e que me dean a información que vou pedir, case non, case vou utilizar o galego.

Non hai tanto que solicitabamos por parte do noso grupo unha información solicitándolles as memorias do 2001 e as previsións para o 2002 dos convenios asinados con fundacións e asociacións, e faciamos referencia a aquelas que teñen subvencións nominativas. Pasáronnos vostedes un listado que obviamente non responde en absoluto a

esta solicitude, entón, de ser posible, interesaríanos moitísimo ter, non os convenios asinados para o GMIR nin para a loita contra o lume, senón por exemplo memoria anuais da Fundación Federico Maciñeira, é un exemplo, como moitas outras, ou por exemplo a de Camilo José Cela, e outras tantas coas que esta deputación asinou convenios o ano pasado, e como dicía tamén a previsión para o 202.

Moitas gracias.

(Abandona o salón o Sr. Pose Miñones).

Sr. presidente

Tomo boa nota e imaxino que o Sr. responsable de Cultura desta deputación tamén, para correxir e enviar eses datos que vostede me pide.

Sr. Rodríguez Doval

O meu é un rogo, para cambiar, é un rogo, ademais, insistente, que fago hoxe porque cambiou o contexto desde a última vez que o fixen, e que se refire á posibilidade de colaboración da deputación, ou polo menos sensibilidade cun problema que está formulado polo Sr. alcalde de Cedeira, e que non foi como resultado das inundacións do pasado ano, o derrubamento do Barral no concello de Cedeira. Proba de que este era un tema singular, e ademais importante, foi que se conseguiu que nunha emenda no Senado se modificaran os orzamentos do Estado e, polo tanto, a apertura dunha partida, paréceme que 19 millóns de pesetas, ou por aí, e digamos o último dato que eu teño é que no debate dos orzamentos da Xunta de Galicia, o Sr. Cuíña aceptou unha emenda que presentou o noso grupo para incluír tamén un financiamento por parte da Xunta para atender esta petición. Polo tanto, eu rogaría, en concreto a petición que lle quero facer é se hai posibilidade de que, me consta que houbo xa unha primeira reunión por parte desta Presidencia, que se quedou de que o tema parece ser que se ía estudar, eu creo que xa hai posibilidades de volver ó tema porque sería unha mágoa que existindo esa dispoñibilidade doutras institucións, e eu penso que tamén boa vontade por parte da Deputación da Coruña, non se puidera acometer esa obra canto antes porque xa hai compromiso do concello, só faltaría da Xunta e tamén do Goberno central, e entón parece que sería de recibo que neste caso colaborara a Xunta. En concreto, eu o que lle quería pedir ó presidente é que acelerase ó máximo e na medida en que a súa axenda o permita, unha nova reunión co Sr. alcalde de Cedeira para ver se isto se pode concretar xa.

Sr. presidente

Así o farei, Sr. Rodríguez Doval.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar, remata a sesión sendo as catorce horas e dez minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.